ORDENANZA XERAL MUNICIPAL REGULADORA DA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

TÍTULO I Disposicións xerais.
TÍTULO II Niveis de perturbación por ruídos e vibracións.
TÍTULO III Condicións esixibles ós establecementos industriais, comerciais e de servicios.
TÍTULO IV Normas reguladoras da concesión de licencias de apertura de establecementos públicos e actividades recreativas.
TÍTULO V Obrigas dos titulares das actividades.
TÍTULO VI Réxime xurídico e sancionador.
DISPOSICIÓNS ADICIONAIS
DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS
DISPOSICIÓN FINAL ANEXO
Descrición dos métodos operativos utilizados nas diversas medicións acústicas e gráficas.

T Í T U L O I
DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.- A presente Ordenanza, que ten por obxecto a regulación das competencias locais contempladas no artigo 42 da Lei 14/1986, e Disposición Adicional Quinta da Lei 31/1990 e na Lei 7/1997, de 11 de agosto, regula a actuación municipal dirixida a protexe-lo medio ambiente contra as perturbacións por ruídos, vibracións e actividades molestas e a establece-las condicións requiridas para a obtención de licencia de apertura ou funcionamento dos locais.

Artigo 2º.- Quedan sometidas ás súas prescricións, de obrigado cumprimento dentro do termo municipal, tódalas instalacións industriais, comerciais, recreativas, musicais, espectáculos e de servicios e, en xeral, tódalas actividades que produzan ruídos ou vibracións que ocasionen molestias e/ou perigosidade á veciñanza ou que modifiquen o estado natural do medio ambiente circundante, calquera que sexa o seu titular, promotor ou responsable e o lugar, público ou privado, aberto ou pechado, no que estean situados.

Artigo 3º.- Corresponderá á Alcaldía ou á Concellería en que delegue e, de se-lo caso, á Comisión de Goberno ou ó Pleno, esixir, de oficio ou por solicitude da parte interesada, adopta-las limitacións, ordenar cantas inspeccións sexan precisas, establecer instrumentos permanentes de control de son nas actividades suxeitas a esta Ordenanza e aplica-las sancións correspondentes en caso de incumprirse o ordenado.

Artigo 4º.- As normas da presente Ordenanza son de obrigado e directo cumprimento, sen necesidade dun previo acto ou requirimento de suxeición individual, para toda actividade que se atope en funcionamento, exercicio ou uso e supoña a producción de ruídos e/ou vibracións molestos ou perigosos.

Estas normas serán orixinariamente esixibles a toda clase de instalacións, a través dos correspondentes sistemas de licencia ou autorizacións municipais.

Artigo 5º.- Planeamento urbano.

Coa fin de facer efectivos os criterios expresados no artigo 1º, nos traballos de planeamento urbano e de organización de todo tipo de actividades e servicios deberá terse en conta a presente Ordenanza.

Artigo 6º.- As actividades e instalacións autorizadas con anterioridade á entrada en vigor da Ordenanza axeitaranse ás normas establecidas nela, segundo o prescrito nas disposicións transitorias.

Artigo 7º.- Para os efectos desta Ordenanza, considerarase dividido o día en dous períodos, denominados diurno e nocturno. O primeiro deles ocupa o espacio de tempo comprendido entre as 8 e as 22 horas, correspondendo ó segundo o comprendido entre as 22 e as 8 horas.

Os ruídos e vibracions emitidos ou transmitidos terán a consideración de diurnos ou nocturnos segundo se produzan nun ou noutro período de tempo.

Artigo 8º.- Clasificación de ruídos.

(A).- Co fin de poder diferenciar e pondera-los diversos ruídos con maior precisión e racionalidade, efectuarase unha primeira clasificación en función das características ambientais en que se producen. Deste xeito, obtéñense os cinco niveis que se definen nos puntos seguintes e que representan unha diversidade de ruídos con características comúns.

1.- Nivel de emisión.- Para os efectos desta Ordenanza, enténdese por nivel de emisión o nivel de presión acústica orixinado por unha fonte sonora.

O nivel de presión acústica (LP) queda definido pola relación:

LP = 20log P/Po,

Sendo:

P.- Valor eficaz da presión acústica producida pola fonte sonora, ponderado de acordo coa curva de referencia normalizada (A).

Po.- Presión acústica de referencia, de valor:

Po = 2 x 10^{-5} NW/m2.

1.1.- Nivel de emisión interna (N.E.I.).- É o nivel de presión acústica existente nun determinado local onde funcionen unha ou máis fontes sonoras.

1.2.- Nivel de emisión externa (N.E.E.).- É o nivel de presión acústica orixinado por unha ou máis fontes sonoras que funcionen no espacio libre exterior.

2.- Nivel de recepción.- É o nivel de presión acústica existente nun determinado lugar orixinado por unha fonte sonora que funciona noutro lugar.

2.1.- Nivel de recepción interna (N.R.I.).- É o nivel de recepción medido no interior dun local que, segundo a orixe do ruído, clasificarase en:

Nivel de recepción interna con orixe interna (N.R.I.I.)

Nivel de recepción interna con orixe externa (N.R.I.E.)

2.2.- Nivel de recepción externa (N.R.E.).- É o nivel de recepción medido nun determinado punto situado no espacio libre exterior.

(B).- Co fin de poder diferenciar e pondera-los diversos ruídos, con maior precisión e racionalidade, efectúase unha segunda clasificación do ruído tendo en conta a súa variación en función do tempo, considerándose os que se definen a seguir:

1.- Ruído continuo: É aquel que se manifesta ininterrompidamente durante máis de tres minutos. Á súa vez, dentro deste tipo de ruído diferéncianse tres situacións:

1.1.- Ruído continuo-uniforme: É aquel que, utilizando a posición de resposta "rápida" do equipo de medida, mantén constante o nivel de presión acústica (LP) ou os seus límites difiren en menos de 3 dB (A).

1.2.- Ruído continuo-variable: Cando o nivel de presión acústica (LP), utilizando a posición de resposta "rápida" do equipo de medida, varía entre uns limites que difiren entre 3 e 6 dB (A).

1.3.- Ruído continuo-fluctuante: É aquel ruído continuo que, utilizando a posición de resposta "rápida" do equipo de medida, varía o nivel de presión acústica (LP) entre uns limites que difiren en máis de 6 dB (A).

2.- Ruído esporádico: É aquel que se manifesta ininterrompidamente durante un período de tempo igual ou menor a tres minutos.

(C).- Co fin de poder diferenciar e pondera-los diversos ruídos con máis precisión e racionalidade, efectúase unha terceira clasificación, tendo en conta a relación establecida entre a fonte sonora ou vibrante que causa a molestia e o propietario ou manipulador de dita fonte:

1.- Ruído obxectivo: É aquel ruído producido por unha fonte sonora ou vibrante que funciona de forma automática, autónoma ou aleatoria, sen que interveña ningunha persoa que poida varia-las súas condicións de funcionamento.

2.- Ruído externo: É aquel ruído producido por unha fonte sonora vibrante que funciona baixo condicións supeditadas á vontade dun manipulador ou titular.

3.- Ruído de fondo: Para os efectos desta Ordenanza, considérase ruído de fondo o existente nun determinado ambiente ou recinto cun nivel de presión acústica que se supera durante o 95% dun tempo de observación suficientemente significativo, en ausencia do ruído obxecto da inspección.

Artigo 9º.- 1.- O grao de precisión dos sonómetros utilizados para a medición do illamento acústico e do nivel de vibración será do tipo 1.

Para a medición do nivel de ruído poderán utilizarse equipos de precisión do tipo 2.

A clasificación da precisión dos sonómetros aterase ó establecido na Norma IEC-651-79.

2.- Ó comenzo e remate de cada medición acústica efectuarase unha comprobación do sonómetro utilizado, mediante un calibrador sonoro apropiado para o mesmo. Esta comprobación quedará recollida no informe da medición.

Artigo 10º.- 1.- A determinación do nivel de ruído realizarase e expresarase en decibelios, corrixidos consonte á rede de ponderación normalizada mediante a curva de referencia tipo (A).

2.- A posta en estación do equipo de medida realizarase, de acordo cos requisitos establecidos nesta Ordenanza, en función das características ambientais en que se produza o ruído obxecto de medición (artigo 12º).

3.- A característica introducida no equipo de medida (lento, rápido ou estatístico) será a establecida nesta Ordenanza en función da variación do ruído respecto ó tempo. (artigo 13º).

Artigo 11º.- Niveis de vibración.

1.- A determinación do nivel de vibración realizarase de acordo co establecido na Norma ISO-2631-2, apartado 4.2.3.

A magnitude determinante da vibracion será a súa aceleración, medida sobre un eixe e corrixida mediante a aplicación da ponderación combinada sobre os tres eixes (r.m.s) en m/s^2.

2.- Para cuantifica-la intensidade da vibración utilizarase calquera dos procedementos que se indican nos apartados seguintes:

2.1.- Determinación por lectura directa da curva que corresponde á vibración considerada.

2.2- Medición do espectro da vibración considerada en bandas de tercio de oitava (entre 1 e 80 Hz) e determinación posterior da curva base mínima que contén dito espectro. Para estes efectos, utilizarase o diagrama do artigo 13º.

En caso de variación nos resultados obtidos por un ou outro sistema, considerarase o valor máis elevado.

3.- No informe da medición consignaranse, ademais, os datos seguintes:

- Plano acoutado sobre a situación do acelerómetro.
- Vibración de fondo unha vez paralizada a fonte xeradora das vibracións.

T Í T U L O I I
NIVEIS DE PERTURBACIÓN POR RUÍDOS E VIBRACIÓNS

Artigo 12º.- Valoración dos ruídos e vibracións.

A intervención municipal tenderá a conseguir que as perturbacións por ruídos e vibracións evitables non excedan dos límites que se indican ou a que se fai referencia neste título.

Utilizarase como equipo de medida un sonómetro con rede de ponderación "A" e resposta rápida que cumpra as Normas UNE-20464/92 "Sonómetro de precisión" ou UNE 21323-/1975 "Propostas relativas ós sonómetros" ou normas posteriores. Poden usarse outros equipos de medida que inclúan, por exemplo, rexistradores de nivel, de cinta magnética ou equivalente, sempre que as súas características sexan compatibles cos dous sonómetros especificados anteriormente.

A valoración dos niveis de ruído rexerase polas normas que seguen:

Primeira: A medición levarase a cabo na situación en que as molestias sexan máis acusadas.

Segunda: A medición levarase a cabo nas condicións establecidas no Anexo.

Para reduci-lo efecto das perturbacións debidas ás ondas estacionarias, efectuaranse, cando menos, tres lecturas de nivel sonoro en posicións que estean a unha distancia de 0,5 metros da posición inicial. A media aritmética das lecturas determinará o valor da medida.

As medidas realizaranse, normalmente, coas fiestras pechadas.

Ruído de fondo: Para avalia-los niveis de ruído na forma sinalada anteriormente, terase en consideración o nivel sonoro de fondo que se aprecie durante a medición, de acordo co procedemento incluído no anexo desta Ordenanza.

Terceira.- En previsión dos posibles erros de medición, cando esta requira unha especial precisión, adoptaranse as seguintes precaucións:

a) Contra o efecto de pantalla: O observador sitúase no plano normal ó eixe do micrófono e o máis separado posible do mesmo, de xeito que sexa compatible coa lectura da escala sen erro de paralelaxe.

b) Contra a distorsión direccional: Situado en estación o aparello, daráselle a volta no interior do ángulo sólido determinado por un octante e fixarase na posición en que a lectura sexa equidistante dos valores extremos así obtidos.

c) Contra o efecto do vento: Cando se considere que a velocidade do vento resulta superior a 0,8 metros/segundo, empregarase unha pantalla que protexa o aparello. Para velocidades superiores a 1,6 metros/segundo desistirase da medición, salvo que se empreguen aparellos especiais.

d) Contra o efecto crista: Iniciaranse as medidas seleccionando no sonómetro a resposta rápida (fast). Cando a indicación do aparello fluctúe máis de 4 dB(A), pasarase á resposta lenta (slow). Neste caso, se o indicador fluctúa máis de 6 db(A), deberase utiliza-la resposta impulso.

Artigo 13º.- Límites ó ruído e vibracións.

A) Ningunha fonte sonora deberá emitir nin transmitir niveis de ruído superiores ós establecidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana e ós 3 sinalados no cadro I que se xunta a este título.

CADRO I: A norma ISO-R.1996 clasifica as diferentes zonas urbanas de acordo coa sensibilidade acústica e establece os seguintes niveis de ruído:

NIVEIS DE RUÍDO PERMITIDOS NO EXTERIOR

ZONA	NIVEIS EQUIVALENTES	
	DÍA	NOITE
Sanitaria	45 dBA	35 dBA
Uso de vivenda urbana	55 dBA	45 dBA
Vivenda residencial	50 dBA	40 dBA
Usos comerciais	65 dBA	55 dBA
Industrial	75 dBA	65 dBA

NIVEIS DE RUÍDO PERMITIDOS NO INTERIOR

TIPO DE ESTABLECEMENTO	NIVEIS EQUIVALENTES	
Clínicas e hospitais	25 dBA	20 dBA
Museos e bibliotecas	30 dBA	30 dBA
Hoteis	40 dBA	30 dBA
Escolas e centros docentes	40 dBA	30 dBA
Cines, teatros e auditorios	--	40 dBA
Oficinas e despachos	45 dBA	45 dBA
Restauración (Restaurantes, bares, pubs)	55 dBA	50 dBA
Supermercados e almacéns	65 dBA	55 dBA

NIVEL DE INMISIÓN

		NIVEIS	LÍMITE (dBA)
ZONIFICACIÓN	TIPO DE LOCAL	DÍA (8-22)	NOITE (22-8)
EQUIPAMENTOS	Sanitario e benestar social	25	20
	Cultural e relixioso	30	30
	Educativo	40	30

	Para o ocio	40	40
SERVICIOS TERCIARIOS	Hospedaxe	40	30
	Oficinas	45	35
	Comercio	55	40
RESIDENCIAL	Pezas habituais, excepto cociña e cuartos de baño	35	30
	Corredores, aseos e cociñas	40	35

NIVEL DE EMISIÓN

SITUACIÓN DA ACTIVIDADE	NIVEIS DÍA (8-22)	LÍMITE (dBA) NOITE (22-8)
Zona de equipamento sanitario	45	35
Zona con residencia, servicios terciarios non comerciais ou equipamentos non sanitarios	55	45
Zonas con actividades comerciais	65	55
Zonas con actividades industriais ou servicios urbanos, excepto servicios da administración	70	55

1.- Por razón da organización de actos con especial proxección oficial, cultural, recreativa ou doutra natureza, ou ben por tradicional consenso da poboación, o Concello poderá adopta-las medidas necesarias para modificar con carácter temporal os niveis a que fai alusión o punto (A) deste artigo en determinadas zonas do recinto urbano.

2.- No non previsto nos parágrafos anteriores, en ningún edificio que -ademais doutros- teña uso de vivenda se poderá xerar ruído que sobrepase os 90 dBA.

B) 1.1.- Ningún aparello mecánico poderá transmitir ós elementos sólidos que compoñen a compartimentación do recinto receptor niveis de vibración superiores ós sinalados no anexo A da Norma ISO-2631-E, e que son os seguintes:

ESTÁNDARES LIMITADORES PARA A TRANSMISIÓN DE VIBRACIÓNS

USO DO RECINTO AFECTADO	PERÍODO	CURVA BASE
Sanitario	Diurno	1
	Nocturno	1
Residencial	Diurno	2
	Nocturno	1,4
Oficinas	Diurno	4

	Nocturno	4
Almacén e comercial	Diurno	8
	Nocturno	8

1.2.- Para os efectos do establecido no apartado anterior, consideraranse as curvas base que se detallan no gráfico adxunto ó presente título.

CURVAS BASE PARA DETERMINAR
MOLESTIAS POR VIBRACIÓNS NOS
EDIFICIOS

2.- A magnitude determinante da vibración será a súa aceleración medida sobre un eixo e corrixida mediante a aplicación da ponderación combinada sobre os tres eixos (r.m.s) en m/s^2.

3.- Para cuantifica-la intensidade da vibración, utilizarase calquera dos procedementos que se indican nos apartados seguintes:

3.1.- Determinación por lectura directa da curva que corresponde á vibración considerada.

3.2.- Medición do espectro da vibración considerada en bandas de tercio de oitava (entre 1 e 80 Hz) e determinación posterior da curva base mínima que contén dito espectro. Para estes efectos, utilizarase o diagrama do apartado 1.2.

4.- En caso de variación nos resultados obtidos por un ou outro sistema, considerarase o valor máis elevado.

5.- No informe da medición, consignaranse, ademais, os datos seguintes:

- Plano acoutado sobre a situación do acelerómetro.
- Vibración de fondo unha vez paralizada a fonte xeradora das vibracións.

6.- En todo caso, non poderá permitirse ningunha vibración que sexa detectable sen instrumentos de medida nos lugares onde se efectúa a comprobación.

7.- O acelerómetro fixarase na zona firme do chan, teitos ou forxados no centro das habitacions do inmoble receptor das vibracións.

T Í T U L O I I I
CONDICIÓNS ESIXIBLES Á EDIFICACIÓN, CONSTRUCCIÓN, E ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS, COMERCIAIS E DE SERVICIOS

Artigo 14º.- A medición do illamento acústico esixido ás distintas particións e solucións constructivas que compoñen os diversos recintos das edificacións realizarase seguindo as prescricións establecidas na Norma UNE 74-040 (BOE número 242/88).

Artigo 15º.- 1.- As condicións acústicas esixibles ós diversos elementos constructivos que compoñen a edificación serán as determinadas no capítulo III da Norma Básica de edificación sobre condicións acústicas (NBE-CA-88).

2.- Exceptúanse do apartado anterior os forxados constitutivos do primeiro andar da edificación cando dita planta sexa de uso residencial e no baixo poidan localizarse, de acordo co planeamento municipal, usos susceptibles de producir molestias por ruídos ou vibracións.

Nestes casos, o illamento acústico do ruído aéreo esixible será de 55 dB(A), xustificándose o dimensionamento do forxado no proxecto constructivo.

Artigo 16º.- Certificado de final de obras.

A partir da presentación do correspondente certificado de fin de obra, o Concello comprobará o cumprimento das prescricións establecidas no presente título.

Sen o informe favorable do cumprimento dos requisitos acústicos esixidos, non se concederá a licencia de primeira ocupación ou funcionamento da actividade.

Artigo 17º.- Solucións constructivas.

Para os efectos dos límites fixados no artigo 13º sobre protección de ambiente exterior, teranse en conta as seguintes prescricións:

Primeira: En tódalas edificacións, a solución constructiva dos cerramentos exteriores dotados ou non de illamento acústico proporcionará unha atenuación global mínima para os ruídos aéreos de 45 dB, no intervalo de frecuencias comprendidas entre 100 e 3.150 Hz.

Segunda: Os elementos constructivos e de insonorización e os recintos en que se aloxen actividades e instalacións industriais, comerciais e de servicios deberán posuír capacidade suficiente de atenuación acústica para o exceso de intensidade sonora que se orixine no interior dos mesmos e incluso, se fora necesario, disporán de sistemas de aireación inducida ou forzada que permitan pecha-los ocos ou fiestras existentes ou proxectados. En calquera caso, as discotecas, salas de festas ou baile e cafeterías, bares, restaurantes, etc., que dispoñan de equipo de música ambiental ou aparellos de música de utilización pública deberán dotarse dun sistema eficaz de insonorización en paramentos e teitos.

Terceira: Deberán amortecerse as portas metálicas de garaxes ou locais e as persianas de protección que produzan un impacto ó pecharse que poida molestar ós veciños. De igual xeito, os motores e mecanismos de arrastre.

Artigo 18º.- Valoración dos niveis de sonoridade.

A valoración dos niveis de sonoridade que establece a Ordenanza axustarase ás seguintes normas:

Primeira: A medición levarase a cabo, tanto para os ruídos emitidos coma para os transmitidos, no lugar en que o seu valor sexa máis alto e, se fose preciso, no momento e situación en que as molestias sexan máis acusadas.

Segunda: Os donos, posuidores ou encargados dos xeradores de ruídos terán que facilitar ós funcionarios municipais habilitados para a inspección o acceso ás súas instalacións ou focos de ruído e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas ou marchas que lles indiquen ditos funcionarios. Así mesmo, poderán presencia-lo proceso operativo e asesorarse cos técnicos que consideren procedentes. Este persoal municipal, no exercicio das funcións previstas nesta Ordenanza, gozará da condición de axente da autoridade.

Artigo 19º.- Documentación precisa. Proxectos.

Nos proxectos de instalación de actividades afectadas polo Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, xuntamente coa solicitude de licencia de apertura, presentarase un estudio que xustifique as medidas correctoras previstas para que a emisión e a transmisión dos ruídos xerados polas distintas fontes sonoras cumpran as prescricións desta Ordenanza.

Este estudio xustificativo desenvolverá, como mínimo, os aspectos que se establecen nos seguintes apartados:

(A) En caso de ruído aéreo:

1.- Identificación das fontes sonoras máis destacables da actividade e valoración do nivel acústico das mesmas (NEI).
2.- Localización e descrición das características da zona máis probable de recepción do ruído orixinado na actividade, sinalando expresamente os límites legalmente admisibles en dita zona (NR).
3.- Valoración, en función dos datos anteriores, da necesidade mínima de illamento acústico fronte ó ruído aéreo.
4.- Deseño da instalación acústica proposta, con descrición dos materiais utilizados e dos detalles constructivos da súa montaxe.
5.- Xustificación analítica da validez da instalación proposta.
(B) No caso de ruído estructural por vibracións:
1.- Identificación da máquina ou instalación conflictiva, detallando as súas características fundamentais (carga e frecuencia).
2.- Descrición do antivibrador seleccionado e cálculo analítico onde se aprecie a porcentaxe de eliminación da vibración obtida coa súa instalación.
3.- Detalle gráfico onde se aprecien as características da súa montaxe.
(C) En caso de ruído estructural por impactos:

1.- Descrición da natureza e características físicas dos impactos.
2.- Valoración da posible transmisión dos impactos ós recintos lindeiros.
3.- Descrición da solución técnica deseñada para elimina-la transmisión estructural dos ditos impactos.
4.- Detalle gráfico onde se aprecien as características da solución adoptada.

Artigo 20º.- Estudio de impacto ambiental (E.I.A).

Enténdese por impacto ambiental a alteración sobre o medio ambiente, a saúde e o benestar da poboación provocada pola execución dun proxecto respecto á situación existente de non se executa-lo devandito proxecto.

O concepto de E.I.A. refírese ós estudios que se efectúan co obxecto de identificar, predicir e sobre todo previ-las consecuencias e os efectos ambientais orixinados pola implantación dunha nova actividade nunha zona urbana catalogada como protexida. Resumindo, trátase de analiza-las variables ambientais, establece-las súas relacións, interpreta-los resultados e valora-las consecuencias.

Para elabora-lo E.I.A. en relación co ruído, procédese, en primeiro lugar, a recompilar toda a información referente ó proxecto, describi-las accións susceptibles de producir ruídos e os efectos que poden provocar no medio ambiente. Nunha segunda fase, identifícanse e valóranse os impactos e propóñense as medidas correctoras adecuadas.

T Í T U L O I V
NORMAS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 21º.- Descrición das actividades.

En desenvolvemento e aclaración de tódalas actividades contempladas no anexo ó regulamento de espectáculos públicos e actividades recreativas, e sen prexuízo da súa

aplicación a calquera outra do mesmo carácter, independentemente do nome comercial que, no seu caso, poida figurar, recóllese a seguinte relación de establecementos públicos:

Bar: Establecemento público destinado á expedición de bebidas e comidas que adoitan tomarse de pé ante a barra ou en mesas.

Barra americana: Establecemento público onde, nun ambiente marcadamente erótico e amenizado con música, se vende todo tipo de bebidas. Quedan incluídos dentro desta categoría os bares de alterne, uisquerías e os night-clubs.

Billar: Establecemento onde se practica o xogo de habilidade consistente en impulsar cun taco de pao alongado, bolas de marfil nunha mesa rectangular forrada de pano. Pode abranguer tamén a actividade de cafetería.

Bingo: Establecemento público onde se desenvolve o xogo de azar consistente nuns números postos nun cartón e un xogo de bolas numeradas, que se sacan de unha en unha obtendo premio o xogador que primeiro completa o seu cartón. Pode abranguer tamén a actividade de cafetería.

Bodegón ou taberna: Establecemento público destinado á expedición de viños e tapas.

Boleira: Establecemento onde se practica o xogo de habilidade consistente en tirar sobre nove paos labrados en forma alongada, denominados bolos, cunha bola. Pode abranguer tamén a actividade de cafetería.

Café: Establecemento onde se bebe café ou outras bebidas.

Café-bar especial: nas súas variantes actuais pode estar amenizado con música ambiental, quedando asimilado ó pub.

Café-cantante: Establecemento público de características similares ó anterior, pero amenizado por cantantes ou músicos.

Café-concerto: Teatro onde os espectadores poden fumar e beber, cun programa ambiental.

Cafetería: Establecemento público destinado á expedición de café e bebidas de calquera clase. Serve tamén, por un prezo establecido e principalmente na barra ou expositor, a calquera hora dentro das que permaneza aberta, pratos fríos e quentes, simples ou combinados, confeccionados de ordinario á prancha, para refrixerio rápido.

Churrerías, pastelerías, chocolaterías, docerías e análogos: Establecementos públicos destinados á expedición de refrescos, chocolates, churros, pasteis e doces.

Disco-bar, piano-club ou similares: Establecementos con ambiente musical onde, ademais de expenderse todo tipo de bebidas, se goza dun ambiente musical.

Discoteca: Local de pública concorrencia onde se expenden bebidas alcólicas e se baila con acompañamento musical, habitualmente a base de soportes discográficos.

Karaoke: Establecemento público onde se expenden todo tipo de bebidas e onde os usuarios intentan reproducir coa súa voz, sobre un fondo musical que os guía e arroupa, calquera das cancións.

Ping-pong: Establecemento onde se practica o xogo de salón parecido ó tenis que se realiza sobre unha mesa. Pode abranguer tamén a actividade de cafetería.

Pub: Establecemento onde se poden tomar todo tipo de bebidas, con acompañamento musical, podendo ter unha zona especial destinada ó baile. Tamén chamado disco-bar.

Restaurante: Establecemento público onde se serven comidas. As súas diversas clases abranguen unha gama infinita, dende a modesta casa de comidas que proporciona un menú fixo a prezos moi económicos ata os suntuosos restaurantes de sona: quedan encadrados dentro desta categoría as súas variantes, como vendas, mesóns, grellas, etc.

Sala de festas: Salón de baile ou cabaré. Lugar de lecer onde se bebe, se baila e se representan espectáculos, principalmente de noite. Sinónimo de boite e de music-hall.

Salón de xogos recreativos: Establecemento onde se xoga en máquinas de azar, mediante prezo, e onde se xoga tamén a xogos de habilidade. Pode abranguer tamén a actividade de cafetería.

"Tablao" flamenco: Local público que dispón de estrado ou escenario para actuacións dun determinado espectáculo flamenco. O termo estivo referido nun principio ós denominados cafés-cantantes.

Artigo 22º.- Clasificación das actividades polo seu grao de molestia.

1.- Clasifícanse as distintas actividades de ocio en función do seu grao de molestia. Así, teremos:

GRUPO I
- Bar, café.
- Café-bar.
- Cafetería.
- Restaurante, mesón, grella.
- Taberna e adega.

GRUPO II
- Café-bar especial.
- Pub.
- Disco-bar.
- Salas de bingo, billar, ping-pong.
- Salas de xogos recreativos.
- Boleiras.

GRUPO III
- Café cantante.
- Café concerto.
- Karaoke.

GRUPO IV
- Discoteca e sala de baile.
- Sala de festas.
- "Tablao" flamenco.
- Music-hall.

GRUPO V
- Barra americana.
- Bares de alterne.
- Night club.
- Uisquería.

O desenvolvemento de actividades que non estean expresamente comprendidas na nomenclatura dos tipos referenciados encadrarase no Grupo que teña máis afinidade.

Tódalas actividades, para obte-la licencia, deberán encadrarse e definirse necesariamente nalgún dos Grupos que clasifica esta Ordenanza, independentemente do que lles faculte o seu epígrafe fiscal. O exercicio dunha actividade amparado en normas fiscais ou doutra orde non poderá desnaturaliza-lo exercicio da actividade efectivamente desenvolvida.

No non previsto na presente clasificación haberá que aterse ó disposto no Regulamento Xeral da Policía de Espectáculos Públicos ou norma que o substitúa e normativa específica, caso de habela.

Artigo 23º.- Relación do local coa vía pública.

1.- Cando se trate de locais en edificios que teñan fachada a dúas ou máis rúas, a limitación por distancia entenderase referida a ámbalas dúas fachadas.

2.- Tódalas actividades comprendidas nesta Ordenanza, e en especial as de ocio nocturno, deberán adoptar durante o seu funcionamento as medidas oportunas para evitar que o público efectúe as consumicións, dispensadas no local, na vía pública. Nas galerías, non se ocupará o corredor; estes permanecerán libres e serán insonorizados co mesmo nivel esixible ó local de maior nivel sonoro existente.

3.- Debido ós riscos de lesións auditivas que implica a prolongada exposición a niveis de presión sonora superiores a 90 dB(A), ningún establecemento poderá supera-lo citado nivel sonoro.

4.- Tódalas actividades susceptibles de producir molestias por ruído deberán exercerse coas portas e fiestras pechadas.

5.- Nos locais onde se desenvolvan as actividades reguladas pola presente Ordenanza soamente será posible a instalación de aparellos de reproducción musical cando estean expresamente habilitados para isto no título de expedición da licencia.

6.- Nas actividades clasificadas no Grupo V (barras americanas, etc.), fíxase como condición especial para o seu funcionamento a intimidade, a discreción, estando prohibida a exhibición e o reclamo exterior.

7.- Non se permitirá a instalación e uso dos aparellos de reproducción musical nas terrazas.

8.- Non se permitirá a instalación de aparellos de reproducción musical nin de videos musicais, nos locais do GRUPO I.

9.- Non se permitirá a instalación e uso de aparellos de reproducción musical no exterior dos establecementos suxeitos a esta Ordenanza.

Artigo 24º.- Condicións mínimas que deben reuni-los locais.

1.- Alturas.

Sen prexuízo do cumprimento doutras normas e ordenanzas que sexan de aplicación, nos locais que, de forma xenérica, poidan catalogarse de pública concorrencia, a altura mínima libre acabada, incluídas as decoracións que sirvan de complemento, será a establecida no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana e Planeamento de desenvolvemento.

2.- Os locais que teñan varias plantas, sempre e cando o planeamento o permita, deberán cumprir, ademais, as seguintes condicións:

a) Cando a actividade se realice en varias plantas, todas elas deberán reuni-las condicións fixadas no parágrafo precedente.

b) Para que un soto poida ser utilizado como complementario dunha actividade principal, ademais de cumpri-los requisitos en materia de seguridade e condicións hixiénico-sanitarias, deberá acreditarse que non se trata dun cambio de uso da súa anterior utilización.

c) O soto e a entreplanta quedarán vinculados fisicamente á planta baixa e non poderá accederse a eles dende os elementos comúns do inmoble.

3 .- Superficies mínimas esixibles.

A superficie mínima dos establecementos medida en planta baixa, sen computar entreplanta, se a houbese, será de:

a).- Grupo I: ata sesenta (60) metros cadrados.

b).- Grupo II: sesenta (60) metros cadrados.

c).- Grupo III: oitenta (80) metros cadrados.
d).- Grupo IV: de cento cincuenta (150) metros cadrados.
e).- Grupo V: de máis de douscentos cincuenta (250) metros cadrados.

4.- Esixiranse a tódalas actividades comprendidas nos Grupos II, III, IV e V as seguintes condicións:
- Solo flotante.
- Teito illante suspendido.
- Pechamentos dobres.
- Portas acústicas.
- Dobre porta.
- Ausencia de fiestras practicables e ocos ó exterior.
- Ventilación forzada e aire acondicionado.

Artigo 25º.- Identificación dos establecementos de pública concorrencia.

Tódalas actividades reguladas nesta Ordenanza terán visible na fachada de entrada unha placa identificativa na que deberán consta-los seguintes datos:
- Categoría ou Grupo ó que corresponde a súa actividade e licencia concedida.
- Capacidade do local permitida en función da superficie do local.
- Número de licencia.
- Nivel de emisión interna (N.E.I.) permitido.
- Horario autorizado de apertura e peche.
- Autorización de aparellos de reproducción musical.

O Concello entregará a placa identificativa coa licencia de apertura.

Artigo 26º.- Horario de peche e as súas limitacións.

a).- Considérase horario nocturno o comprendido entre as 22 e as 8 horas, no que descende o nivel de ruídos permitido por esta Ordenanza.

b).- Os locais comprendidos na presente Ordenanza axustarán o horario de funcionamento ás normas que dicte en cada caso a entidade pública que teña encomendada esta competencia.

c).- Fixado pola autoridade competente o **horario de peche** correspondente ás distintas actividades, non poderá seguir funcionando ningún instrumento ou aparello musical (radio, televisión, magnetófonos, tocadiscos, altofalantes, pianos, etc.), dentro ou fóra do local, mentres non transcorreran oito horas dende a hora fixada para o seu peche.

d).- De forma xeral, e **para tódalas actividades** reguladas nesta Ordenanza, logo da súa hora de peche e no decurso das seguintes oito horas, os niveis de emisión interna de ruídos (N.E.I.) non poderán sobrepasa-los 25 dB(A).

e).- Queda terminantemente prohibido o acceso de menores de idade sen acompañamento dos seus pais ou persoas responsables ós locais, agás nos supostos en que se autorice especificamente o seu funcionamento para actividades xuvenís nos Grupos II, III e IV, en franxa horaria de 18 a 22 horas e con prohibición absoluta de venda e exhibición de alcohol.

Artigo 27º.- Instalación de dispositivos de control (SONÓGRAFOS).

1.- Para o mellor control dos límites sonoros establecidos nesta Ordenanza, establécese para tódalas actividades de nova instalación e clasificadas dentro dos Grupos II, III, IV e V a obriga de instalar dispositivos de control permanente da emisión fónica, que incluso provoquen a interrupción da emisión cando supere os límites establecidos. Os

gastos que se ocasionen pola realización desta instalación, incluído o custo do aparato, serán de cargo dos titulares da actividade.

2.- O dispositivo de control (sonógrafo ou caixa negra) deberá te-las seguintes prestacións:

2.1.- Rexistrar e almacena-lo período de funcionamento ruidoso da actividade en cuestión, rexistrando data e hora de inicio e data e hora de terminación, cos seus correspondentes niveis de inmisión de ruídos.

2.2.- Rexistrar e almacena-los períodos de funcionamento das fontes sonoras co obxecto de poder controla-la súa correcta actuación.

2.3.- Conserva-la información dos apartados anteriores durante un tempo determinado para permitir unha inspección a posteriori.

2.4.- Dispoñer dun sistema que permita ós Servicios Técnicos Municipais rescata-la información almacenada e trasladala ós sistemas informáticos do Servicio de Inspección para a súa posterior análise e avaliación, permitindo a impresión dos mesmos.

2.5.- Así mesmo, deberá dispor dun dispositivo de protección sobre posibles manipulacións á "caixa negra", realizándose mediante chaves electrónicas ou claves de acceso.

3.- Os dispositivos de control (sonógrafo ou caixa negra) terán que ser homologados polo organismo competente.

DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS

Artigo 28º.- Niveis de illamento acústico.

1.- Como norma xeral, ás actividades con horario nocturno esixiráselles un illamento acústico mínimo de 60 dB(A) respecto ós locais destinados a uso residencial.

2.- En canto ás actividades de ocio nocturno, seranlles esixibles os niveis mínimos de illamento que seguen:

a) Os locais destinados a bar, cafetería, restaurante e similares (Grupo I), de 60 dB (A).

b) Os que se destinen a bar especial, pub e similares (Grupo II), de 65 dB (A).

c) Os dos Grupos III e V, como os cafés-cantantes, karaokes, barras americanas, de 70 dB (A).

d) Aqueles destinados a discoteca, disco-bar, sala de festas e similares (Grupo IV) con pista de baile, de 75 dB (A).

3.- En calquera suposto, sexa cal sexa o illamento acústico acadado, nunca se poderán supera-los límites de inmisión fixados nos artigos desta Ordenanza para estes establecementos.

4.- O suxeito pasivo con obriga de incrementa-lo illamento ata os mínimos sinalados é o titular do foco emisor do ruído.

Artigo 29º.- Tratamento acústico dos locais.

En relación co indicado no artigo anterior, será obrigatorio o tratamento acústico de paredes, solos e teitos co fin de garanti-los illamentos mínimos requiridos.

O certificado de final de obra garantirá que os materiais proxectados foron instalados.

Para isto, antes de concederse a licencia de apertura, o Concello esixirá á propiedade un certificado asinado polo técnico competente que, nomeado polo titular, dirixirá as obras e instalacións das medicións e do illamento acústico conseguido, sen prexuízo das

comprobacións que leve a cabo a inspección municipal e dos trámites regulamentarios que, en canto á concesión da licencia, se establecen no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas.

Artigo 30º.- Dobre porta.

1.- Co fin de evita-la transmisión sonora directamente ó exterior, nos establecementos dotados de equipo musical e, en xeral, en tódolos incluídos nos Grupos II, III, IV e V, será obrigatoria a instalación dunha dobre porta, con peche automático e dispositivo antipánico de apertura manual, e constituíndo un vestíbulo cortaventos.

2.- Tamén será obrigatoria de forma xeral para tódolos establecementos cando se superen os 65 dB(A) entre as 22 e as 8 horas, medidos a un metro e medio da fachada no exterior, coa porta aberta e fronte a ela.

3.- Estas portas deberán permanecer constantemente pechadas, agás para a entrada e saída de persoas.

Artigo 31º.- Documentación específica.

Para conceder licencia de instalación dunha actividade con equipo de música ou que inclúa actuacións musicais, ademais da documentación que legalmente se esixe en cada caso, será preciso presentar un estudio realizado por un técnico competente no que se describan os seguintes aspectos da instalación:

a).- Descrición do equipo musical (potencia acústica e gama de frecuencias).

b).- Situación, número de altofalantes e descrición das medidas correctoras (direccionalidade, suxeición, localización do sonógrafo, etc.).

c).- Descrición dos sistemas de illamento acústico con detalle das pantallas illantes, especificación das gamas de frecuencias e absorción acústica.

d) Fixación do tope de potencia fónica en función do nivel de emisión permitido para cada caso.

Unha vez presentado o estudio técnico, os servicios técnicos municipais comprobarán a instalación, reproducindo no equipo que se vai inspeccionar un son co mando do potenciómetro de volume ó máximo nivel, e, con esas condicións, medirán o ruído en tódalas vivendas ou locais contiguos ou lindeiros. O nivel máximo medido non poderá sobrepasa-los límites fixados nesta Ordenanza.

Artigo 32º.- Documentación para novas instalacións.

1.- A solicitude de licencia de apertura formularase mediante instancia dirixida á Alcaldía-Presidencia, na que se fagan consta-los seguintes datos do solicitante: nome, apelidos, documento nacional de identidade, enderezo, teléfono e lugar en que trata de instala-la actividade.

Na instancia recollerase exactamente o carácter co que intervén o solicitante, indicando se actúa no seu nome ou en representación doutro. Nese caso, acreditará a súa representación e os datos correspondentes ó representado.

Conxuntamente coa solicitude de licencia de apertura ou con posterioridade á mesma, deberá solicitarse a correspondente licencia de obras.

2.- Xunto coa solicitude, deberá presentarse un proxecto técnico, por triplicado, asinado polo técnico ou técnicos competentes e visado polos respectivos colexios oficiais, no que constarán os documentos seguintes:

A.- Memoria, que comprenda:

1).- Descrición Técnica detallada de:

- As características da actividade.

- A maquinaria que se vai instalar, indicando o tipo e as súas características, así como o número de H.P. de cada unha.
- A superficie total do local e de cada un dos departamentos que o conforman (aseos, vestiario, almacén, etc.).
- Os medios e sistemas correctores para reduci-la transmisión de ruídos e vibracións, cos correspondentes cálculos xustificativos que garantan a obtención do nivel sonoro admisible, de conformidade co artigo 13º desta Ordenanza.
- O procedemento de depuración e eliminación de fumes, gases e olores.
- O sistema de evacuación de augas residuais e residuos sólidos.
- As instalacións hixiénico-sanitarias e demais instalacións.

2).- Xustificación do cumprimento das "Normas básicas da edificación sobre condicións térmicas, acústicas e de protección contra incendios".

3).- De se-lo caso, xustificación do cumprimento do "Regulamento Xeral da Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas".

B.- Planos dobrados á medida DIN-4, con pestana, que permitan formar un expediente formalizado. A relación mínima de planos que haberá que presentar é a que segue:

1).- Da situación da actividade, a escala 1:500 ou 1:5000 da cartografía oficial municipal.

2).- Do rueiro, a escala 1:5000, copia da cartografía oficial, indicando a localización do edificio en que se pretende instala-la actividade, con expresión do destino dos edificios lindeiros e xustificación expresa do cumprimento das limitacións de localización a que se refire esta Ordenanza.

3).- Plano de situación do local na planta do edificio, a escala 1:100.

4).- Plantas de distribución, a escala 1:50, nas que se sinalará a posición da totalidade da maquinaria instalada, dos medios de extinción de incendios dos que se dota o local e da posición e características do alumeado de emerxencia e sinalización.

5).- De se-lo caso, plantas de zonificación e sectorización do local ou locais, de cara ó cumprimento da "Norma básica NBE-CPI-96 ou posteriores".

6).- Seccións, a escala 1:50, nas que se detallarán a situación relativa da actividade pretendida respecto ás plantas inmediatamente superior e inferior, así como o destino das mesmas. Nestas seccións acoutaranse as distintas alturas libres resultantes en cada punto do local, de solo a teito, unha vez implantadas as instalacións e medidas correctoras; tamén se acoutará o nivel do local con respecto ó chan.

7).- Alzados de fachada, a escala 1:50, das instalacións de electricidade, fontanería, saneamento, ventilacion, aire acondicionado e climatización en xeral.

C.- Ademais, irá acompañada das seguintes separatas:

1).- Relación de tódalas actividade situadas no mesmo inmoble.

2).- Nome e apelidos do presidente ou administrador da comunidade de veciños.

3).- Expresión do Grupo en que o solicitante entende encadrada a actividade pretendida, consonte á clasificación establecida.

4).- Fotocopia da alta no imposto de actividades económicas.

5).- Cadro xustificativo do cumprimento desta Ordenanza.

Documentación que debe achegarse coas solicitudes de ampliación de instalacións existentes.

Ademais da documentación indicada máis arriba, presentarase unha fotocopia da licencia municipal para o desenvolvemento da actividade e, de se-lo caso, xustificación detallada do cumprimento desta Ordenanza.

Artigo 33º.- Cambios de titularidade das licencias de instalación.

1.- As comunicacións obrigatorias de traspasos ou cambios de titularidade das actividades expresarán, necesariamente, o Grupo en que o novo titular entende incluída a actividade ou establecemento en cuestión, debendo solicitarse, de se-lo caso, a correspondente reclasificación. O cambio de actividade ou clasificación require nova tramitación, non se concedendo ningún cambio de titularidade cando existan obrigas incumpridas por parte do que transmite a licencia.

2.- Acompañarase a comunicación dunha fotocopia do recibo do IAE e da licencia municipal de instalación ou apertura, así como da documentación en que se acredite o consentimento para realiza-lo cambio do anterior e do novo titular ou sentencia xudicial que o dispoña.

O solicitante do cambio deberá presentar un novo proxecto técnico e tramita-la licencia correspondente no caso de modificarse o local, requisito que non se lle esixirá sempre que indique expresamente que acepta as prescricións do proxecto técnico inicial. Este novo titular deberá cumpri-las condicións esixidas nas Ordenanzas municipais, coa única excepción das distancias.

CARACTERÍSTICAS DE MEDICIÓN E LÍMITES DE NIVEL DE RUÍDO

Artigo 34º.- Niveis sonoros.

A valoración dos niveis sonoros que establece esta Ordenanza rexerase polas seguintes normas:

- O nivel de ruídos no interior das vivendas, transmitidos a elas por impactos dalgunha actividade, non superará os límites que seguen:

Entre as 8 e as 22 horas, 35 dB(A) nas habitacións e 40 dB(A) no resto da vivenda.

Entre as 22 e as 8 horas, 30 dB(A) nas habitacións e 35 dB(A) no resto.

Estes valores serán os do nivel de ruído equivalente en sesenta segundos (LEq 60 s).

Nas actividades de ocio nocturno, os niveis máximos de ruído radiado ó exterior non poderán supera-los que se establecen na táboa de emisións, medidos a unha distancia de 1,5 m da fachada do local.

MEDIDAS CORRECTORAS

Artigo 35º.- Normas constructivas.

Fíxanse como medidas correctoras, que deberán constar nos proxectos técnicos que se presenten coa documentación da solicitude de licencia de apertura, as referentes a teitos, cerramentos, solos, piares e altofalantes.

1.- Teitos.

Prescríbense como medidas correctoras as seguintes:

a).- Reparación de calquera defecto do forxado que separe o local en estudio da vivenda.

b).- Os falsos teitos non deberán ir unidos rixidamente ó teito.

c).- Evitaranse as múltiples perforacións para iluminación.

d).- Evitarase todo tipo de unións ríxidas.

e).- Utilización do material absorbente na cámara de aire entre ámbolos dous teitos.

f).- Nas conduccións de ventilación e aire acondicionado prohíbense retornos de aire polos falsos teitos.

g).- Non instala-los altofalantes de forma que exista contacto directo co forxado do local.

h).- Supender con amortecedores un falso teito illante de peso superficial comprendido entre 8-15KG/m^2. A distancia entre o forxado e o falso teito está comprendida entre 15-20 cm. Enche-lo falso teito de material absorbente con densidade 35: 69Kg/m^3.

i) Instalar debaixo deste teito os conductos de ventilación, climatización e iluminación.

j).- No caso de que, como consecuencia da aplicación das medidas correctoras previstas nos epígrafes h) e i), o local incumpra outras condicións requiridas, o titular, a través dun proxecto técnico, poderá propoñer outras medidas correctoras, que deberán ser sometidas a aprobación muncipal.

2.- Cerramentos laterais e fachadas.

Prescríbense as seguintes medidas correctoras:

1).- Cerramentos de fachadas (exterior vía pública).

1.1.- Nos locais do Grupo II, onde os niveis de emisión son maiores ou iguais a 80 dB(A), as portas deberán permanecer sempre pechadas.

1.2.- Nos locais de ocio do Grupo III, con niveis de emisión de 90 dB(A), deben suprimirse as fiestras ou darlles un tratamento especial (dobre ou triple cristal).

1.3.- As portas para niveis de emisión de ruído maior ou igual a 80 dB(A) deben ser dobres, con espacio intermedio entre ámbalas dúas que actúe como cámara de control para impedir que as dúas portas estean abertas ó mesmo tempo.

1.4.- Nos locais do Grupo IV, a porta debe ser de gran calidade acústica, de xeito que non deixe pasa-lo ruído ó exterior.

2).- Cerramentos de separación de locais adxacentes.- A magnitude do illamento estará en función dos niveis de ruído de fondo que exista no local receptor.

En todo caso, nos locais cun nivel de emisión igual ou superior a 80 dB(A), e especificamente as actividades clasificadas -segundo o artigo 22 da presente Ordenanza- nos Grupos II, III, IV e V, e que teñan locais adxacentes, deberán dispoñer de paredes dobres de obra de fábrica e enche-la cámara de aire con materiais absorbentes de densidade superior a 35 Kg/m^2.

3.- Solos.

Co obxecto de evita-la transmisión directa que ocasionan os altofalantes de baixos e os impactos de taconeo ou de baile, determínase a execución de solos flotantes nestes locais. Esta montaxe é obrigatoria para niveis de ruído de 90 dB(A).

O solo flotante debe estar constituído por unha capa ríxida de formigón armado cunha grosura de 10 cm e unha capa de material elástico (cortiza, aglomerado, paneis de fibra de vidro, etc.).

4.- Piares.

Fíxanse como medidas correctoras:

Para niveis de 90 dB(A) serán necesarias paredes de obra de fábrica de ladrillo macizo revestidas con varias capas de materiais absorbentes e illantes (chumbo, aceiro).

5.- Altofalantes.

Está prohibida a ancoraxe das instalacións electro-acústicas en teitos, piares e paredes.

Os altofalantes de son medio e agudo situaranse suspendidos mediante materiais elásticos, evitando as pontes acústicas.

Os altofalantes de baixos deberán colocarse sobre un bloque de inercia fabricado cunha lousa de formigón de 7-10 cm de grosura, sustentada sobre resortes metálicos de baixa frecuencia de resonancia.

Empregaranse preferentemente altofalantes de pouca potencia, distribuídos homoxeneamente no teito e cun pequeno radio de acción, estando prohibido o uso de altofalantes de grandes niveis de potencia acústica.

En locais dos Grupos III e IV, con niveis iguais a 90 dB(A) LEq., deberán separarse as zonas de ruído elevado, pistas de baile, das zonas menos ruidosas.

6.- Outras Condicións.

Deixarase un punto de inspección por cada 50 metros cadrados, no que se poderá observa-lo illamento.

Será requisito imprescindible para considerar un local insonorizado que estea recebado o teito co fin de uniforma-lo illamento da placa.

T Í T U L O V
OBRIGAS DOS TITULARES DE ACTIVIDADES
EXERCICIO IRREGULAR DA ACTIVIDADE

Artigo 36º.- Deberes xenéricos.

Os titulares das licencias veñen obrigados a:

1.- Exerce-la actividade nos termos establecidos na correspondente licencia de apertura ou autorización de funcionamento e, en todo caso, a axustala ós limites previstos na presente Ordenanza.

2.- Exerce-la actividade coa dilixencia debida para evita-la producción de molestias a usuarios e veciñanza.

3.- A cumpri-las ordes individuais que lles poida dirixi-la Administración municipal a fin de evita-la producción de perturbacións por ruídos e/ou vibracións, especialmente durante o horario nocturno.

Artigo 37º.- Deberes específicos.

1.- Constitúen deberes específicos dos titulares das actividades reguladas por esta Ordenanza, os seguintes:

1.1.- Adoptar, durante as horas de funcionamento da actividade -especialmente durante o horario nocturno-, as medidas oportunas para evitar que o publico efectúe as súas consumicións fóra do establecemento ou na vía pública. Quedan exceptuados desta obriga os establecementos que teñan autorizado o funcionamento de terrazas na vía pública, sempre que se acomoden ás prescricións da súa respectiva autorización ou licencia.

1.2.- Exerce-la actividade coas portas e fiestras pechadas, evitando a propagación de ruídos e sons ó exterior.

1.3.- Impedi-la superación dos niveis de capacidade do local establecidos.

1.4.- Cumpri-los horarios de peche dos locais de lecer. Unha vez que se teña superado o horario de peche establecido pola Autoridade Gobernativa correspondente para as distintas actividades, impóñense as seguintes obrigas:

1.4.1.- Non poderá volver a abrir ó público nas oito horas seguintes dende a hora do peche.

1.4.2.- Non poderá seguir funcionando ningún instrumento ou aparello musical (radio, televisión, magnetófonos, tocadiscos, altofalantes, pianos, etc.) dentro ou fóra do local.

1.4.3.- Dende o momento do peche ata as 8 horas a.m., os Niveis de Emisión Interna (N.E.I.) non poderán sobrepasa-los 25 dB(A).

1.5.- Prohibir e impedi-lo acceso a menores nos locais sen a compaña dos seus pais ou persoas responsables, agás nos supostos nos que se autorice especificamente o seu funcionamento para actividades xuvenís, nos Grupos II, III e IV, en franxa horaria de 18 a 22 horas, con prohibición absoluta de venda e exhibición de alcohol.

1.6.- Impedi-la saída de persoas do local portando botellas, envases ou vasos, calquera que sexa a súa composición e características (cristal, plástico, cartón, etc.).

1.7.- Ter no local o Libro de Reclamacións, facilitalo ós servicios municipais e non impedir que no mesmo os inspectores volquen os resultados da inspección.

1.8.- Non instalar no local, se non está expresamente autorizado, futbolíns, billares, máquinas recreativas que poidan producir ruídos de impacto, lampexos luminosos ou calquera outro aparello que poida producir molestias ou ruídos.

1.9.- Deberán proceder á limpeza da zona da vía pública estremeira co seu establecemento, unha vez finalizado o seu horario de actividade.

2.- O titular da licencia será o responsable do mantemento da orde, tanto no local coma nos seus accesos.

3.- O titular da licencia ou, no seu caso, o encargado do establecemento estarán obrigados a colaborar cos servicios de inspección e cos axentes da autoridade no cumprimento das súas misións, facilitándolle-lo acceso ás instalacións, dispoñendo o funcionamento dos elementos xeradores de ruídos ás distintas velocidades, cargas ou marchas que se lles indiquen.

EXERCICIO IRREGULAR DA ACTIVIDADE

Artigo 38º.- Establecemento onde se exerce unha actividade sen licencia.

1.- Para os efectos previstos neste artigo, considérase que nun establecemento se exerce unha actividade sen licencia nos seguintes casos:

1.1.- Cando o local de referencia non dispón de licencia municipal de apertura.

1.2.- Cando, aínda tendo o local licencia municipal de apertura, sen embargo a actividade é exercida por outra persoa distinta á do titular da licencia. Para estes efectos, presúmese que a actividade desenvolvida no local é exercida pola persoa que figura de alta no Imposto de Actividades Económicas.

1.3.- Cando se exerce unha actividade nun establecemento coa licencia retirada, provisional ou definitivamente, ou caducada.

2.- Cando se detectase que nun establecento se está exercendo unha actividade sen licencia, e ante o risco que implica a apertura e funcionamento dun local de pública concorrencia, sen prexuízo das matizacións que máis abaixo se deixan expresadas, adoptaranse, con carácter xeral, as seguintes medidas-tipo:

2.1.- Incoarase expediente sancionador fronte á persoa que veña exercendo a actividade.

2.2.- Poderase dispor, como medida cautelar, o cesamento provisional da actividade de forma inmediata, podendo ser executado forzosamente polo Excmo. Concello de Lugo, quen terá que advertir desta circunstancia na orde de peche.

2.3.- Concederáselle á persoa que vén exercendo clandestinamente a actividade, e sen prexuízo para o seu inmediato cesamento, un prazo de dez días para que alegue o que teña por conveniente ó seu dereito.

Artigo 39º.- Establecemento que non se axusta á actividade para a que conta con licencia.

1.- Para os efectos previstos neste artigo, considérase que un establecemento cambiou de actividade cando a desenvolvida efectivamente no local non se corresponda total ou parcialmente coas actividades amparadas por licencia e, á súa vez, tales actividades teñan encaixe nun Grupo de clasificación distinto conforme ó RAMINP ou Grupo de clasificación distinto desta mesma Ordenanza.
2.- Cando se detectase que a actividade desenvolvida no establecemento non se correspondese coa da licencia de apertura concedida, adoptaranse as seguintes medidas-tipo:

2.1.- Incoarase expediente sancionador.

2.2.- Como medida provisional, poderase ordenar ó seu titular para que, de forma inmediata, cese no exercicio da actividade efectivamente desenvolvida no local para o que non conta con licencia.

2.3.- Concederáselle ó titular un prazo de dous meses para que no mesmo solicite licencia de apertura para a actividade efectivamente desenvolvida no local ou, noutro caso, para que efectúe o necesario no establecemento a fin de axusta-lo exercicio da actividade ó amparado pola licencia.

3.- Sen prexuízo do expediente sancionador que puidese incoarse, se dentro do prazo concedido o titular realizase no establecemento as obras ou actos necesarios para axusta-lo exercicio da actividade ó da licencia concedida, e sempre que estas fosen suficientes a xuízo dos servicios técnicos municipais, alzaranse as medidas adoptadas, permitíndose o exercicio da actividade autorizada en licencia.
4.- Transcorrido o prazo anteriormente concedido sen que o requirido houbese formulado alegacións ou efectuado as adaptacións necesarias para axusta-lo exercicio da actividade ó contido da licencia, en tal caso impedirase definitivamente o exercicio da actividade que non conta con licencia.

Artigo 40º.- Reincidencia e circunstancias agravantes.

Enténdese por reincidencia a comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así teña sido declarado por resolución firme.

Son circunstancias agravantes:
1.- A reiteración nos feitos, consistentes na producción de molestias no exercicio da actividade periódica ou frecuentemente repetida no tempo que teñan sido detectadas con anterioridade polos servicios municipais nos seis meses anteriores.
2.- A especial gravidade do incumprimento, o carácter repetitivo (non illado) da molestia producida, o grao de difusión de ruídos e/ou vibracións a locais inmediatos, a duración, intensidade e/ou persistencia da exposición da molestia no tempo, incumprimento da capacidade do local, incumprimento de condicións do local que poidan poñer en perigo a seguridade das persoas, exercicio da actividade con portas ou fiestras abertas, etc.
3.- A incidencia notoria no medio ambiente sonoro, o número de afectados e a repercusión no descanso dos veciños.

Artigo 41º.- Precinto ou retirada de aparellos ou instalacións.

1.- Cando se houbese disposto a limitación ou inutilización dalgún aparello, sistema, instalación, etc. ou o cesamento dalgunha actividade desenvolvida no propio establecemento, poderase ordena-la retirada ou precintado dos mesmos.
2.- Cando se ordene a retirada de aparellos móbiles do establecemento, o titular vén obrigado a facelo no prazo que se lle sinale e a non volver a reinstalalos, xa sexa o mesmo aparello ou outro de similares características, ata que non obteña a autorización para facelo.

A reinstalación de aparellos sen a debida autorización será constitutiva de infracción moi grave.

3.- O precinto dos aparellos, sistemas, instalacións, etc. poderá ordenarse, ben para limita-lo seu uso e/ou intensidade, ben para impedilo. O precinto consistirá nun sistema que poderá revestir diversas formas (papel ou cinta adhesiva, cordal, arame, selo, etc.) e instalarase de forma ben visible.

4.- O titular da actividade vén obrigado especialmente a manter en debidas condicións o estado do precinto e a comunicar á Administración inmediatamente a súa desaparición, ruptura ou calquera outra circunstancia que non garanta a eficacia do mesmo.

5.- Non se poderá retira-lo precinto sen previa autorización municipal. Non obstante, o titular pode solicitar da Administración municipal que se levante o precinto co obxecto de efectua-las adaptacións, reparacións, etc., necesarias, e, nese caso, a Administración poderá autorizalo. Neste caso, o titular vén obrigado a comunicar inmediatamente ós servicios municipais o momento en que se teña producido a emenda da deficiencia. Non se poderá poñer en funcionamento o aparello ou sistema precintado durante o horario de actividade en tanto non se comprobe o seu grao de eficacia e sexa autorizado polos servicios municipais.

A posta en funcionamento do aparello ou sistema precintado durante o horario da actividade sen a previa autorización será constitutiva de infracción moi grave.

6.- Con independencia das responsabilidades penais en que se puidese incorrer, a manipulación, alteración, deterioración, ruptura, etc., de precintos será constitutiva de infracción moi grave. Presúmese que a actuación sobre o precinto ten sido executada polo titular ou persoal ó seu cargo no establecemento cando se atope en zona á que non teña acceso o público.

Artigo 42º.- Precinto de locais.

1.- Cando se dispuxese o cesamento, provisional ou definitivo, de tódalas actividades que se desenvolven nun establecemento ou ben a súa clausura, poderase ordena-lo precintado do local.

2.- O precintado dun local ten por obxecto impedi-lo seu uso para a actividade concreta que se pretende impedir. O precinto consistirá nun sistema que poderá revestir diversas formas (papel ou cinta adhesiva, cordel, arame, selo, etc.) e instalarase de xeito ben visible.

3.- O titular da actividade e/ou do local veñen obrigados especialmente a manter en debidas condicións o estado do precinto e a comunicar á Administración inmediatamente a súa desaparición, ruptura, ou calquera outra circunstancia que non garanta a eficacia do mesmo. O incumprimento desta obriga será constitutiva de infracción leve.

4.- Non se poderá retira-lo precinto sen previa autorización municipal. Non obstante, o titular pode solicitar da Administración municipal que se levante o precinto co obxecto de efectua-las adaptacións, reparacións, etc., necesarias ou retirar obxectos, e, nese caso, a Administración poderá autorizalo. Neste caso, o titular vén obrigado a comunicar inmediatamente ós servicios municipais o momento en que se teña producido a reparación da deficiencia. Non se poderá abri-lo establecemento ó público en tanto non se conceda autorización de funcionamento.

5.- A apertura dun establecemento carecendo da previa autorización será constitutiva de infracción grave.

6.- Con independencia das responsabilidades penais en que se puidese incorrer, a manipulación, alteración, deterioración, ruptura, etc., de precintos será constitutiva de infracción grave.

T Í T U L O V I
RÉXIME XURÍDICO E SANCIONADOR
INSPECCIÓN

Artigo 43º.- Réxime de Inspección.

1.- Os donos ou persoas que se atopen á fronte das actividades comprendidas na presente Ordenanza teñen a obriga de presenta-la correspondente licencia de apertura e de facilitar ós inspectores municipais o acceso ás instalacións ou focos xeradores das molestias ou perigos, e disporán o seu funcionamento ás distintas velocidades, cargas ou marchas que lles indiquen os servicios municipais.

2.- Os servicios municipais poderán requirir en calquera momento ó titular de calquera actividade á que se refire esta Ordenanza, ou á persoa que se atope á fronte dela, a presentación das correspondentes licencias de apertura e autorización de funcionamento.

3.- Tamén poderán efectua-los servicios municipais, en calquera momento, inspeccións nos locais ou establecementos suxeitos a esta Ordenanza, mentres se atopen en funcionamento, para comproba-lo cumprimento das condicións prescritas nas licencias municipais e nas correspondentes autorizacións de funcionamento.

As inspeccións que teñan por obxecto a medición de ruídos e/ou vibracións levaranse a cabo tanto para os ruídos emitidos coma para os transmitidos, no lugar en que o seu valor sexa máis alto e, se for preciso, no momento e situación en que as molestias sexan máis acusadas e no momento en que sexan máis desfavorables.

4.- Do resultado das inspeccións levantarase oportuna acta, a ser posible en presencia do titular. No seu caso, daráselle copia da acta ó titular ou encargado da actividade e poderase facer constar no Libro de Reclamacións.

5.- As actas que se levanten gozarán da presunción de veracidade respecto ós feitos que na mesma se declaren probados.

6.- Os funcionarios designados para efectuar labores de vixilancia e inspección medioambiental a que se contrae esta Ordenanza gozarán, no exercicio das súas funcións, da consideración de Axentes da Autoridade, estando facultados para acceder, previa identificación e sen previo aviso, ás instalacións onde se desenvolvan as actividades suxeitas á presente Ordenanza.

Artigo 44º.- As visitas de inspección poderán levarse a cabo por iniciativa municipal ou logo da solicitude de calquera interesado.

As solicitudes conterán, ademais dos datos esixibles nas instancias e na lexislación que regula o procedemento administrativo, os datos precisos para realiza-la visita de inspección.

Xirada visita de inspección, os servicios municipais levantarán unha acta que reflectirá os seguintes datos:

1. Nome dos funcionarios intervenientes na inspección e do titular da licencia ou persoa que rexenta o establecemento.
2. Data e hora na que se practica.
3. Se a actividade desenvolvida no establecemento se axusta ás condicións da licencia e á autorizacion de funcionamento.
4. Se a actividade desenvolvida no establecemento se corresponde coa da licencia outorgada.
5. Posibles deficiencias que se puidesen detectar e grao de incidencia sobre a tranquilidade e seguridade cidadá.
6. Resultados das medicións efectuadas.

7. Medidas que se propoñen polos servicios de inspección.
8. Outros aspectos que se consideren de interese.
9. Se por determinadas circunstancias non se puidese realiza-la inspección do establecemento no interior do local, tales como imposibilidade material de acceder ó recinto, aglomeracións de persoas que puidesen poñer en risco a integridade das persoas que realizan a inspección, negativa do titular ou encargado á que se practique; ou existisen dificultades para poder levala á práctica no modo proposto polos servicios municipais, entón levantarase igualmente acta na que se reflectirán as circunstancias da situación e as causas que impediron ou dificultaron a práctica da mesma. Neste caso tamén se dará copia da acta ó titular ou encargado da actividade.

Artigo 45º.- Nos casos de urxencia, cando os ruídos resulten altamente perturbadores ou cando xurdan ocasionalmente por uso abusivo, deterioración ou deficiente funcionamento das instalacións, aparellos ou equipos, a solicitude da visita de inspección poderá formularse directamente perante os servicios de inspección, tanto de palabra coma por escrito.

Artigo 46º.- As visitas de inspección realizaranse tendo en conta as características do ruído e das vibracións. Para tal fin, as medicións relativas a ruído obxectivo realizaranse logo da citación ó responsable do foco ruidoso. As medicións relativas a ruído subxectivo practicaranse sen o coñecemento do titular, sen prexuízo de que, neste último caso, poida ofrecerse ó responsable do foco ruidoso unha nova medición na súa presencia e para o seu coñecemento.

TIPIFICACIÓN DE INFRACCIÓNS.

Artigo 47º.- Consideraranse como infraccións administrativas os actos e omisións que contraveñan as normas contidas nesta Ordenanza respecto ós focos contaminadores do medio ambiente, ruídos e vibracións e ó mal uso das licencias.

Para os efectos desta Ordenanza, con suxeición ó establecido na Lei 7/1997 de 11 de agosto, de Galicia de protección contra la contaminación acústica, na Disposición Adicional Quinta da Lei 31/1990, artigos 32, 37 e 42.3.b) da Lei 14/1986, no artigo 129.3 da Lei 30/1992, artigos 30.1, 26.j), 29.2 e 30 de Lei Orgánica 1/1992, Lei 42/1975 e Decreto 2107, do 16 de agosto de 1968, clasifícanse as faltas en leves, graves e moi graves, segundo a tipificación que se realiza na presente Ordenanza.

A reincidencia na comisión de dúas faltas leves no prazo dun ano dará lugar a unha falta grave. Os casos de dúas faltas graves darán lugar a unha falta moi grave.

RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO 1º.- DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS.

Artigo 48º.- Infraccións ós niveis de perturbacións por ruídos e vibracións.

1.- Considéranse infraccións leves:
1.- A superación de niveis de ruídos permitidos no exterior en 5 dB(A).
2.- Supera-los niveis de inmisión ata 1 dB(A).
3.-Transmitir niveis de vibración correspondentes á curva base inmediatamente superior á máxima admisible para cada situación.

2.- Considéranse infraccións graves:

1.- A superación de niveis de ruído permitidos no exterior en máis de 5 dB(A), dos valores límite admitidos.
2.- Supera-los niveis de inmisión ata 3 dB(A).
3.- Transmitir niveis de vibración correspondentes a dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admisible para cada situación.

3.- Considéranse infraccións moi graves:
1.- A superación de niveis de ruído permitidos no exterior en 15 dB(A).
2.- Supera-los niveis de inmisión en máis de 3 dB(A).
3.- Transmitir niveis de vibración correspondentes a máis de dúas curvas base inmediatamente superiores á máxima admisible para cada situación.

4.- O disposto no presente artigo é aplicable con carácter xeral a tódalas conductas ou actividades productoras de ruídos que non se atopen regulamentadas noutra disposición específica da presente Ordenanza.

Artigo 49º.- Infraccións ás condicións esixibles ós establecementos industriais, comerciais e de servicios.

1.- Considéranse infraccións leves:
1.- A instalación de portas metálicas, persianas de protección, motores e mecanismos de arrastre en garaxes ou locais sen sistema de amortecemento de impactos.

2.- Considéranse infraccións graves:
1.- A instalación ou uso de portas metálicas, motores e mecanismos de arrastre en garaxes ou locais sen sistema de amortecemento de impactos, cando fose requirido anteriormente para a reparación da deficiencia.

Artigo 50º.- Infraccións leves.

Son infraccións que constitúen faltas leves as seguintes:
1.- Non ter no local o Libro de Reclamacións.
2.- Non instalar en lugar visible na fachada a placa identificativa do número de licencia, data do seu outorgamento, categoría ou Grupo a que corresponde a actividade, a cabida do local e mailo nivel de emisión interna permitido.
3.- Exerce-la actividade por persoa distinta, cando se teña producido a legalización da actividade mediante a comunicación á Administración da transmisión da licencia na forma prevista nesta Ordenanza e dentro dos prazos concedidos.
4.- Non comunicar á Administración inmediatamente que o precinto non se atopa nas debidas condicións, sempre que iso non afecte á eficacia do precinto.
5.- Sobrepasa-los niveis de emisión interna cando non fose constitutivo de falta grave ou moi grave.
6.- Sobrepasa-lo nivel transmitido admisible cando non fose constitutivo de falta grave ou moi grave.
7.- As restantes non cualificadas como falta grave ou moi grave, asimilables á clasificación que lles corresponda.

Artigo 51º.- Infraccións Graves.

Son infraccións que constitúen faltas graves as seguintes:
1.- Supera-lo local os niveis de cabida.
2.- Non dispoñer das medidas de seguridade esixidas en licencia.
3.- O exercicio dunha actividade pertencente a Grupo de clasificación distinto ó que figura na licencia autorizada.

4.- A instalación e uso sen licencia de aparellos de música ou videomusicais, utilización de instrumentos musicais, etc., no interior de locais.
5.- Instalación e uso de aparellos de reproducción de música no exterior dos establecementos a que se refire esta Ordenanza.
6.- A ocupación da vía pública con mesas, cadeiras, etc., no exterior dos establecementos carecendo da debida autorización municipal.
7.- A instalación e uso de aparellos de reproducción de música nas terrazas do exterior do establecemento carecendo de autorización.
8.- Non dispor ou ter inutilizado o verquido de aire, tanto para aire acondicionado coma para ventilación forzada, caso de estar obrigado.
9.- O verquido de fume ou gases sen axustarse ás condicións establecidas nesta Ordenanza.
10.- Carecer do Libro de Reclamacións.
11.- Non facilitar ós servicios municipais o Libro de Reclamacións.
12.- Impedir que os servicios municipais poidan facer constar no Libro de Reclamacións o resultado das respectivas visitas.
13.- Obstruír ou obstaculiza-los labores de inspección dos servicios municipais.
14.- Non presentar ós servicios municipais, cando fosen requiridos para iso, a correspondente licencia de apertura ou autorización de funcionamento.
15.- Non proceder, dentro do prazo establecido, á retirada de aparellos móbiles do establecemento cando o seu titular fose requirido para iso.
16.- Non comunicar inmediatamente ó Concello a desaparición, ruptura ou calquera outra circunstancia que non garanta a eficacia do precinto.
17.- Exerce-la actividade sen te-las portas ou fiestras pechadas a partir das 22 horas.
18.- Permitir sacar vasos, envases, etc., do local.
19.- A exhibición ó público de productos alcohólicos nos locais comprendidos nos Grupos II, III e IV durante o horario de funcionamento para actividades xuvenís, en franxa horaria de 18 a 22 horas.
20.- A instalación de billares, futbolíns, máquinas comecartos ou similares sen autorización.
21.- Non limpa-la parte de vía estremeira co establecemento unha vez rematado o exercicio da actividade.
22.- Sobrepasa-los niveis de emisión interna en 5 dB(A).
23.- Excede-lo nivel transmitido admisible en 5 dB(A).
24.- A comisión de dúas faltas leves no prazo dun ano.

Artigo 52º.- Infraccións moi graves.
Son infraccións que constitúen faltas moi graves as seguintes:
1.- A reincidencia por dúas faltas graves, no prazo dun ano.
2.- Exercer unha actividade nun local que non dispón de licencia municipal de apertura.
3.- Exerce-la actividade sen obte-la autorización de funcionamento.
4.- Exercer unha actividade nun establecemento cando a súa licencia se atope retirada, provisional ou definitivamente, ou se atope caducada.
5.- Carece-lo local dos equipos de protección e/ou do número legal de extintores de incendios ou non telos en condicións de uso ou funcionar sen sonógrafo ou con el avariado.

6.- Obstruír saídas de emerxencia ou o non funcionamento das portas antipánico, a manipulación de materias perigosas ou outras accións que poidan poñer en perigo real a integridade das persoas que concorran ó local.
7.- Carece-lo local dos equipos de protección e/ou do número legal de extintores de incendios ou non telos en condicións de uso.
8.- Supera-lo local os niveis de cabida en máis do 30% ou cando fosen denunciados por falta grave.
9.- Exerce-la actividade persoa distinta do titular da licencia e, despois de ter sido requirido, non proceder a tramita-lo cambio de titularidade.
10.- Exerce-la actividade persoa distinta do titular da licencia cando, ademais, concorran outras causas de incumprimento de obrigas de especial gravidade ou incidencia notoria no medio ambiente sonoro, no modo definido na presente Ordenanza.
11.- O exercicio da actividade pertencente a Grupo de clasificación distinto desta Ordenanza cando esta circunstancia concorra con outras causas de incumprimento de obrigas tales como reincidencia, reiteración dos feitos, especial gravidade de incumprimento ou incidencia notoria no medio ambiente sonoro na forma definida nesta Ordenanza.
12.- Impedi-los labores de inspección dos servicios municipais.
13.- A reinstalación de aparellos móbiles no establecemento cando o seu titular teña sido obrigado a retiralos ou a instalación de aparatos de similares características mentres non obtivese a autorización para facelo.
14.- A manipulación, alteración, deterioración, ruptura, etc., de precintos por parte do seu titular.
15.- A posta en funcionamento do aparello, sistema ou establecementos precintados sen obte-la previa autorización.
16.- A retirada ou desconexión dos sonógrafos, limitadores de niveis de son, sistemas de contabilización de cabida do local cando a súa instalación teña sido expresamente establecida, así como a manipulación ou calquera outra actividade encamiñada a evita-la eficacia do sistema ou o acceso ós datos rexistrados.
17.- Impedir ós servicios municipais o acceso ós datos contidos en sonógrafos, limitadores ou outros aparatos a instalación dos cales teña sido decretada polo Concello.
18.- Non ter instalada unha dobre porta cando resultase obrigatorio.
19.- Non evitar que o público efectúe as súas consumicións fóra do establecemento ou na vía pública, agás os casos expresamente autorizados.
20.- Incumpri-los horarios de peche nos locais, especialmente en horas nocturnas.
21.- Non impedi-lo acceso a menores nos locais comprendidos nos Grupos II, III, IV e V, excepto nos supostos especificamente autorizados, ou expenderlles consumicións con alcohol.
22.- Sobrepasa-los 25 db(A) de niveis de emisión interna dende o momento do peche ata as 8 horas a.m.
23.- Sobrepasa-lo nivel transmitido admisible en 10 dB(A).

CAPÍTULO 2º.- DISPOSICIÓNS XENÉRICAS.

Artigo 53º.- Sancións.

Sen prexuízo das medidas provisionais contempladas no artigo 57, con carácter xeral, especifícanse as seguintes sancións, dentro dos límites máximos de ata 2.500.000

pesetas, establecidas na Disposición Adicional Quinta da Lei 31/1990, ou de 1.000.000 de pesetas, establecido na Lei 42/1975, do 19 de novembro, ou de 100.000 pesetas, da Lei 1/1992:

a) As faltas leves sancionaranse con multa de 10.000 pesetas ata 250.000 pesetas e /ou cesamento da actividade de 1 a 4 días.

b) As faltas graves sancionaranse con multas de 250.001 pesetas ata 1.500.000 pesetas e/ou cesamento da actividade de ata 6 meses, con precinto, se fose procedente.

c) As faltas moi graves sancionaranse con multa de 1.500.001 ata 10.000.000 de pesetas e/ou con cesamento da actividade por espacio de tempo superior a 6 meses, con precinto, se fose procedente, ou revogación da licencia municipal outorgada.

As sancións que causen o cesamento da actividade non supoñen que unha vez cumprido o tempo de sanción esta poida reanudarse se persisten as causas da sanción, debendo aplicarse as medidas correctoras que se impoñan.

O incumprimento das prescricións establecidas na presente Ordenanza será constitutivo de infracción administrativa e determinará a imposición das sancións correspondentes.

Artigo 54º.- Persoas responsables.

1.- Con carácter xeral, son persoas responsables das infraccións ás normas desta Ordenanza os causantes da perturbación ou, no seu caso, as persoas de quen dependan ou os titulares da actividade productora das molestias.

Artigo 55º.- Procedemento.

1.- As faltas que dean lugar a sanción tramitaranse mediante incoación do correspondente expediente sancionador, que seguirá o disposto na Lei 30/1992 e no R.D. 1398/93, que aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora ou normas que o substitúan.

2.- Non obstante, para a imposición de sancións leves non será preceptiva a previa instrucción de expediente a que se refire o parágrafo anterior, sen prexuízo do trámite de audiencia ó interesado, que deberá cumprirse en todo caso.

3.- Nos casos de falta grave e moi grave poderá decretarse a suspensión temporal da actividade de forma cautelar en tanto non se resolva o expediente sancionador.

Artigo 56º.- Graduación das sancións.

Na imposición de sancións deberase garda-la debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a graduación da sanción a aplicar:

1.- A inexistencia de intencionalidade. Para estes efectos, presúmese a intencionalidade da conducta do titular cando se teña producido requirimento ou invitación previa por parte da Administración para que adopte determinadas medidas ou cesamento na producción das molestias. Neste aspecto, considerarase o grao de colaboración dos titulares da actividade para elimina-las molestias.

2.- A existencia de reiteracion nos feitos. Consíderase reiteración a producción de molestias no exercicio da actividade periódica ou frecuentemente repetida no tempo, en contraposición ó carácter ocasional da infracción.

3.- A natureza dos prexuízos causados. Neste campo, tomarase en consideración o carácter illado ou repetitivo da molestia producida, o seu grao de incidencia no medio ambiente sonoro, o grao de difusión de ruídos e/ou vibracións a locais inmediatos, a duración e intensidade da exposición da molestia no tempo, o número de afectados, etc.

4.- A reincidencia, por comision, no termo dun ano, de máis dunha infraccion da mesma natureza cando así teña sido declarado por resolución firme.

Artigo 57º.- Medidas provisionais compatibles co exercicio da potestade sancionadora.

1.- Coa finalidade de asegura-la eficacia da resolución que puidese recaer no bo fin do procedemento, evita-lo mantemento dos efectos da infracción e garanti-los niveis de seguridade e/ou tranquilidade cidadá, o órgano competente para inicia-lo procedemento sancionador poderá adoptar en calquera momento do procedemento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que resulten necesarias, incluída a clausura provisional da actividade.

2.- O cumprimento ou execución das medidas de carácter provisional ou das disposicións cautelares que, no seu caso, se adopten compensaranse, cando sexa posible, na sanción imposta.

Artigo 58º.- Caducidade e revogación da licencia.

1.- Quedan sen efecto as licencias de apertura e funcionamento das actividades incluídas nesta Ordenanza, nos seguintes supostos:

a) Unha vez transcorridos seis meses dende a concesión da autorización de funcionamento sen que se iniciara o exercicio da actividade.

b) Unha vez transcorridos seis meses dende a retirada temporal da licencia, cando non se abrira ó público nas condicións regulamentarias.

c) Cando, trancorridos seis meses dende que se fixera o requirimento por parte do Concello para a acometida de obras de adaptación no local, estas non se fixeran.

d) Cando o establecemento estivese máis de seis meses pechado ó publico sen causa xustificada da que teña coñocemento a administración.

e) Cando o titular se dea de baixa en calquera dos impostos municipais, autonómicos ou locais relacionados coa actividade ou se dese de baixa en servicios de calquera natureza indispensables para o exercicio da mesma (auga, lixo, etc.).

f) (*Este apartado anulouse en virtude de sentencia dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o día dezaseis de maio de dous mil dous, no proceso contencioso-administrativo núm. 02/0004447/1998, interposto pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de Lugo)*.

g) Por falecemento do titular ou por extinción da forma xurídica do titular da mesma, en caso de sociedades ou comunidades de bens, agás cando se transmita a un terceiro.

2.- Procederá a revogación da licencia nos seguintes supostos:

a).- Nas infraccións moi graves, cando se produza reincidencia ou así se recolla no cadro de sancións.

b).- Cando existan sentencias xudiciais relativas a tráfico de drogas, venda de alcohol a menores ou graves alteracións de orde pública.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA.- Outras competencias.

O réxime que establece a presente Ordenanza enténdese sen prexuízo das intervencións que corresponden a outros organismos na esfera das súas respectivas competencias.

SEGUNDA.- Modificacións.

As modificacións que sexa necesario introducir na Ordenanza axustaranse ós mesmos trámites seguidos para a súa formulación e aprobación. As adaptacións dos seus preceptos a futuras normas nacionais ou internacionais sobre a materia levaranse a cabo directamente mediante decreto.

TERCEIRA.- Outras actividades.

Ós outros tipos de actividades molestas non contempladas especificamente na presente Ordenanza (talleres, panaderías e pastelerías -con fabricación-, carnicerías e outras de natureza semellante) esixiráselles unha insonorización mínima de 60 dB (A).

CUARTA.- MEDICIÓNS.

Cando, efectuada unha medición polos servicios municipais, se produza contradicción entre o nivel rexistrado no sonógrafo e as medidas obtidas, logo da repetición da medición, prevalecerán estas últimas.

QUINTA.- A soa solicitude da licencia de actividade non prexulga unha resolución autorizatoria, polo tanto, non se poderá comeza-lo exercicio da actividade sen que o interesado estea en posesión da devandita licencia ou de calquera outra autorización municipal para o exercicio da mesma.

SEXTA.- As distancias mínimas entre locais destinados ó exercicio das actividades reguladas pola presente Ordenanza serán as seguintes:

a) Para os locais comprendidos no GRUPO I, non se fixan distancias mínimas, se ben, como regra xeral, só poderán instalarse unha destas actividades por edificación.

b) Para os locais comprendidos nos GRUPOS II, III e IV, a distancia mínima será de 25 m.

c) Nos locais do Grupo V, só se permitirá unha actividade por rúa, sempra que a equidistancia con outros do mesmo Grupo sexa, cando menos, de 500 m.

d) A medición das distancias farase entre os dous puntos máis próximos á líña de propiedade dos establecementos.

SÉTIMA.- Para os efectos de concesión de licencias, establécense como zonas saturadas, nas que non se concederán licencias de actividade clasificadas na presente Ordenanza nos grupos I, II, III, IV e V, as seguintes:

a) ZONA CENTRO, que comprenderá as seguintes vías:

- Rúa do Campo Castelo
- Rúa das Norias
- Rúa dos Clérigos
- Rúa Bo Xesús
- Rúa da Catedral
- Rúa Bispo Basulto
- Rúa Falcón
- Rúa do Miño
- Rúa Recatelo
- Rúa Nova
- Rúa Tinería
- Praza Alférez Provisional
- Praza do Campo
- Praza Fillos Antón de Marcos

- Rúa Vía Romana
- Carril do Son
- Travesía Deán Fernández Varela
- Rúa da Cruz
- Praza Pío XII
- Rinconada do Miño
- Travesía do Miño
- Rúa San Pedro

b) ZONA DE RAMÓN FERREIRO, que abranguerá as seguintes vías:

- Rúa Armórica
- Rúa Cornubia
- Praza da Liberdade
- Rúa Celso Emilio Ferreiro
- Rúa Galicia
- Rúa Irmáns Vilar Ponte
- Rúa Salvador de Madariaga
- Rúa Doutor Fleming
- Rúa San Roque
- Rúa Mariña Española

c) ZONA DA ESTACIÓN

- Rúa Miguel de Cervantes
- Rúa Rafael de Vega
- Rúa Castelao
- Rúa Montero Ríos
- Rúa Nicomedes Pastor Díaz

Non obstante, si se poderán conceder licencias de actividade que estean clasificadas, conforme ó artigo 22 desta Ordenanza, no Grupo I para as rúas encadradas na Zona Centro e na Zona da Estación.

Os locais con licencia de apertura en vigor, sitos en calquera das rúas declaradas saturadas por esta Ordenanza, e incluídos nos grupos anteriormente numerados, poderán solicita-la reclasificación da súa licencia de apertura, sempre que sexan actividades clasificadas dentro do mesmo grupo e con igual ou menor horario de peche. Para o que deberá obte-la correspondente licencia de actividade e apertura.

OITAVA.- Para os efectos da correcta aplicación da presente ordenanza, establécese unha Comisión de Seguimento, onde estarán representados tódolos sectores interesados, que se reunirá, cando menos, unha vez por semestre ou cando así se solicite, polo menos, por un tercio do número legal de membros dela e que, presidida polo Ilmo. Sr. Alcalde, e cun número impar de membros, terá a composición que se determine por acordo do Pleno do Concello.

A dita comisión será a encargada de propoñer á Comisión de Goberno a ampliación, reducción ou modificación das zonas saturadas, así como da variación das vías incluídas nelas.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

PRIMEIRA.- 1.- Aquelas actividades ou instalacións con licencia que produzan ruído do cualificado como obxectivo por esta Ordenanza, superior ós niveis máximos admisibles, así como niveis de vibración superiores ós establecidos nela, disporán dun prazo de seis meses a contar desde a aprobación desta Ordenanza para adapta-los establecementos co fin de garantir en todo momento o respecto polos niveis autorizados.

2.- Se do exame da documentación presentada resultase a imposibilidade material de axustarse ás condicións establecidas nas presentes normas ou esta puidese ser antieconómica, o Concello podería outorgar autorización de funcionamento establecendo limitacións máis severas no funcionamento da actividade co obxecto de que non se produzan molestias.

3.- En todo caso, no prazo de dous anos tódalas actividades a que se refire esta disposición deberán estar plenamente axustadas ás condicións establecidas na presente Ordenanza.

SEGUNDA.- Os establecementos públicos con licencia de instalación outorgada con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza deberán adaptarse ó disposto na mesma nos casos que seguen:

a) Cando se realicen modificacións, ampliacións ou reformas que excedan das obras de mera hixiene, ornato ou conservación.

b) Cando se transmita a licencia dos establecementos con illamento inferior en máis de 5dB (A) ó esixido e se impuxese no ano inmediatamente anterior algunha sanción por incumprimento dos niveis de ruído ou vibracións.

c) Cando así se impoña como esixencia para a reapertura dos establecementos clausurados por incumprimento dos niveis fixados na Ordenanza e consonte ó procedemento establecido no título VIII.

TERCEIRA.- As actividades legalmente establecidas antes da promulgación desta Ordenanza poderán modificarse, logo da solicitude a este concello, sempre que a nova actividade estea encadrada no mesmo Grupo ou en Grupos inferiores.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA.- A presente Ordenanza xeral poderá ser desenvolvida por ordenanzas particulares referidas a determinados aspectos técnicos ou zonas determinadas do municipio, así como ó tamaño dos locais.

SEGUNDA.- Esta Ordenanza entrará en vigor ós trinta días naturais da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, quedando derogadas cantas disposicións municipais se opoñan ou contradigan os seus preceptos.

ANEXO

DESCRICIÓN DOS MÉTODOS OPERATIVOS UTILIZADOS NAS DIVERSAS MEDICIÓNS ACÚSTICAS E GRÁFICAS:

Apartado I.- Nivel de emisión interna (N.E.I.).

1.- A medición do nivel de emisión interna (N.E.I.) a que se refire o artigo 8.1.1 desta Ordenanza realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2.- Características ambientais.- A medición realizarase mantendo pechadas as portas e ventás existentes no recinto onde estea situada a fonte sonora.

Reducirase ó mínimo imprescindible o número de persoas asistentes á medición.

3.- Posta en estación do equipo de medida.- En xeral, e sempre que as características do recinto o permitan, o sonómetro colocarase a 1,20 metros do chan e a 2 metros de distancia da fonte sonora. Se a fonte é direccional, o micrófono orientarase cara á mesma, sendo suficiente unha estación para a valoración acústica da fonte sonora. Se a fonte é omnidireccional, fixaranse tres estacións ó seu arredor, formando ángulos de 120 graos.

En todo caso, realizarase un deseño acoutado coa situación do sonómetro.

4.- Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto a continuación:

Ruído continuo-uniforme: rápido (fast)

Ruído continuo-variable: lento (slow)

Ruído continuo-fluctuante: estatístico

Ruído esporádico: lento (slow)

5.- Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído, aténdose ó establecido nos puntos que se desenvolven nos seguintes parágrafos:

5.1.- Ruído continuo-uniforme.- Efectuaranse tres rexistros en cada estación de medida, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto entre cada rexistro. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado. O nivel de emisión interna (N.E.I) da fonte sonora virá dado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Para as fontes omnidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión interna (N.E.I.) virá dado pola media aritmética dos valores obtidos en cada unha das tres estacións de medida.

5.2.- Ruído continuo-variable.- De forma semellante á descrita no punto anterior.

5.3.- Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro en cada estación de medida cunha duración que dependerá das características do ruído a medir, de xeito que o tempo de observación sexa suficientemente representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de emisión interna da fonte sonora virá representado polo índice LO5, valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico.

Para as fontes onmidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión interna (N.E.I.) virá dado pola media aritmética dos valores obtidos en cada unha das estacións de medida.

5.4.- Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso en cada estación de medida. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado polo aparato de medida.

O nivel de emisión externa da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Para as fontes omnidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión externa virá dado pola media aritmética dos valores obtidos en cada unha das tres estacións de medida.

Para a medición deste tipo de ruídos poderanse usa-los equipos do propio local con ruído rosa ou o xerador de ruído rosa.

Apartado II.- Nivel de emisión externa (N.E.E.).

1.- A medición do nivel de emisión externa (N.E.E.) a que se refire o artigo 8.1.2. desta Ordenanza realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2.- Características ambientais.- Desistirase da medición cando as características climáticas (temperatura e humidade) queden fóra do rango das condicións de medida do equipo utilizado.

Cando a velocidade do vento sexa superior a 3 m/s desistirase da medición. Con velocidades inferiores poderase efectua-la medición sempre que se utilice o equipo de medida coa súa correspondente pantalla contra o vento.

3.- Posta en estación do equipo de medida.- En xeral, e sempre que as características superficiais o permitan, o sonómetro colocarase a 1,20 m do chan, a 2 m de distancia da fonte sonora. Se a fonte é direccional, o micrófono orientarase cara á mesma, sendo suficiente unha estación para valora-lo nivel acústico da fonte. Se a fonte é omnidireccional, fixaranse tres estacións ó seu arredor, formando ángulos de 120 graos. En todo caso, realizarase un deseño acoutado coa situación do sonómetro.

4.- Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto a continuación:

Ruído continuo-uniforme: rápido (fast)

Ruído continuo-variable: lento (slow)

Ruído continuo-fluctuante: estatístico

Ruído esporádico: lento (slow)

5.- Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído, aténdose ó establecido nos puntos que se desenvolven nos seguintos parágrafos:

5.1.- Ruído continuo-uniforme.- Efectuaranse tres rexistros en cada estación de medida, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto entre cada rexistro. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado.

O nivel de emisión externa (N.E.E.) da fonte sonora virá dado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Para as fontes omnidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión externa (N.E.E.) virá dado pola media aritmética dos valores obtidos en cada unha das tres estacións de medida.

5.2.- Ruído continuo-variable.- De forma semellante á descrita no punto anterior.

5.3.- Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro en cada estación de medida cunha duración que dependerá das características do ruído a medir, de xeito que o tempo de observación sexa suficientemente representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de emisión externa da fonte sonora virá representado polo índice LO5, valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico.

Para as fontes omnidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión externa (N.E.E.) virá dado pola media aritmética dos valores obtidos en cada unha das estacións de medida.

5.4.- Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso en cada estación de medida. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado polo apartado de medida.

O nivel de emisión externa da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Para as fontes omnidireccionais, o valor final representativo do seu nivel de emisión externa virá dado pola media artimética dos valores obtidos en cada unha das tres estacións de medida.

Apartado III.- Nivel de recepción interna con orixe interna (N.R.I.I.).

1.- A medida do nivel de recepción interna con orixe interna (N.R.I.I.) a que se refire o artigo 8.2.1 desta Ordenanza realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2.- Características ambientais.- A medición realizarase coa(s) ventá(s) e porta(s) pechadas, de xeito que se reduza ó mínimo a influencia do ruído exterior de fondo.

Reducirase tamén ó mínimo imprescindible o número de persoas asistentes á medición e, se as características do equipo o permiten, desaloxarase totalmente o recinto.

3.- Posta en estación do equipo de medida.- Seleccionarase unha estación de medida que cumpra cos requisitos seguintes:

- Situará o micrófono do equipo de medida a 1 metro da parede do recinto e a 1,20 m do chan.

- A selección realizarase de xeito que a estación de medida afecte a aquela parede que se considere fundamental no que a transmisión de ruído se refire. En caso de non existir unha parede fundamental, seleccionarase preferentemente a parede oposta a aquela por onde se manifesta o ruído de fondo (xeralmente a fachada).

- Sobre o lugar preseleccionado moverase experimentalmente o sonómetro paralelamente á parede transmisora tratando de localiza-lo punto de maior presión acústica. Este movemento realizarase ó longo de 0,50 metros en cada sentido.

No lugar onde se aprecie maior intensidade acústica fixarase a estación de medida definitiva.

- A situación do equipo de medida reflectirase e acoutarase nun deseño realizado para o efecto.

- O micrófono orientarase de forma sensiblemente octogonal cara á parede (ángulo horizontal) e lixeiramente inclinado cara arriba (ángulo vertical).

4.- Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto a seguir:
Ruído continuo-uniforme: rápido (fast)
Ruído continuo-variable: lento (slow)
Ruído continuo-fluctuante: estatístico
Ruído esporádico: lento (slow)

5.- Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído, aténdose ó establecido nos puntos que se desenvolven nos seguintes parágrafos:

5.1.- Ruído continuo-uniforme.- Efectuaranse tres rexistros na estación de medida seleccionada, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto cada rexistro.

O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado.

O nivel de recepción interna con orixe interna (N.R.I.I.) da fonte sonora virá dado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

5.2.- Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro na estación de medida seleccionada, cunha duración que dependerá das características do ruído que se vai medir, de xeito que o tempo de observación sexa suficientemente representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de recepción interna con orixe interna da fonte sonora virá representado polo índice LO5, valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico.

5.4.- Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso na estación de medida seleccionada. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxK) rexistrado polo aparato de medida.

O nivel de recepción interna con orixe interna da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Apartado IV.- Nivel de recepción interna con orixe externa (N.R.I.E.).

1.- A medida do nivel de recepción interna con orixe externa (N.R.I.E.) a que se refire o artigo 8.2.1. desta Ordenanza realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2.- Características ambientais.- A medición realizarase coa(s) ventá(s) do recinto pechada(s), salvo que a utilización habitual se produza coas ventás abertas. Desistirase da medición cando as condicións ambientais (temperatura e humidade) queden fóra do rango das condicións de medida do equipo utilizado.

Cando a velocidade do vento sexa superior a 3 m/s, desistirase da medición. Con velocidades inferiores, poderase efectua-la medición sempre que se utilice o equipo de medida coa súa correspondente pantalla contra o vento.

Cando a fonte de ruído considerada se encontre afastada da estación de medida, o nivel de recepción interna con orixe externa dependerá significativamente das condicións climáticas, polo que no informe da medición se reflectirán as condicións existentes durante a mesma. Se é posible, obterase un valor típico e unha indicación sobre a marxe de variación.

3.- Posta en estación do equipo de medida. O equipo situarase xunta ó oco da ventá, co micrófono igualado ("enrasado") co plano da fachada exterior e orientado cara á fonte sonora. A(s) ventá(s) permanecerá(n) aberta(s).

4.- Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto a seguir:

Ruído continuo-uniforme: rápido (fast)
Ruído continuo-variable: lento (slow)
Ruído continuo-fluctuante: estatístico
Ruído esporádico: lento (slow)

5.- Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído, aténdose ó establecido nos puntos que se desenvolven nos seguintes parágrafos:

5.1.- Ruído continuo-uniforme.- Efectuaranse tres rexistros na estación de medida seleccionada, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto entre cada rexistro.

O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado.

O nivel de recepción interna con orixe externa (N.R.I.E.) da fonte sonora virá dado pola media arimética dos tres rexistros realizados.

5.2.- Ruído continuo-variable.- De forma semellante á descrita no punto anterior.

5.3.- Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro na estación de medida seleccionada, cunha duración que dependerá das características do ruído a medir, de xeito que o tempo de observación sexa suficientemente representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de recepción interna con orixe externa da fonte sonora virá representado polo índice LO5, valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico.

5.4.- Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso na estación de medida seleccionada. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxK) rexistrado polo aparato de medida.

O nivel de recepción interna con orixe externa da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Apartado V.- Nivel de recepción externa (N.R.E.).

1.- A medida do nivel de recepción externa (N.R.E.) a que se refire o artigo 8.2.2 desta Ordenanza realizarase tendo en conta as prescricións detalladas nos puntos que se desenvolven no presente apartado.

2.- Características ambientais.- A medición realizarase coa(s) ventá(s) do recinto aberta(s). Desistirase da medición cando as características ambientais (temperatura e humidade) queden fóra do rango das condicións de medida do equipo utilizado.

Con velocidades do vento superiores a 3m/s, desistirase da medición. Cando sexan inferiores, poderase efectua-la medición sempre que se utilice o equipo de medida coa súa correspondente pantalla contra o vento.

Cando a fonte de ruído considerada se atope afastada da estación de medida, o nivel de recepción externa dependerá significativamente das condicións climáticas, polo que no informe da medición se reflectirán as condicións existentes durante a mesma. Se é posible, obterase un valor típico e unha indicación sobre a marxe de variación.

3.- Posta en estación do equipo de medida.- O equipo instalarase a 1,20 metros do chan e a 3,50 metros, como mínimo, das paredes, edificios ou calquera outra superficie reflectante e co micrófono orientado contra a fonte sonora.

Cando as circunstancias o requiran, poderanse modificar estas características, especificándoo no informe de medición. En todo caso, realizarase un deseño acoutado coa situación do sonómetro.

4.- Característica introducida.- A característica de medición introducida no sonómetro dependerá do tipo de ruído a medir, aténdose ó disposto a continuación:

Ruído continuo-uniforme: rápido (fast)

Ruído continuo-variable: lento (slow)

Ruído continuo-fluctuante: estatístico

Ruído esporádico: lento (slow)

5.- Número de rexistros.- O número de rexistros dependerá do tipo de ruído, aténdose ó establecido nos puntos que se desenvolven nos seguintes parágrafos:

5.1.- Ruído continuo-uniforme.- Efectuaranse tres rexistros na estación de medida seleccionada, cunha duración de 15 segundos cada un e cun intervalo de 1 minuto entre cada rexistro.

O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxL) rexistrado.

O nivel de recepción externa (N.R.E.) da fonte sonora virá dado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

5.2.- Ruído continuo-variable.- De forma semellante á descrita no punto anterior.

5.3.- Ruído continuo-fluctuante.- Efectuarase un rexistro na estación de medida seleccionada, cunha duración que dependerá das características do ruído a medir, de xeito que o tempo de observación sexa suficientemente representativo e, en xeral, superior a 15 minutos.

O nivel de recepción externa da fonte sonora virá representado polo índice LO5, valor que será proporcionado automaticamente pola memoria do analizador estatístico.

5.4.- Ruído esporádico.- Efectuaranse tres rexistros do episodio ruidoso na estación de medida seleccionada. O valor considerado en cada medición será o máximo nivel instantáneo (MaxK) rexistrado polo aparato de medida.

O nivel de recepción externa da fonte sonora virá representado pola media aritmética dos tres rexistros realizados.

Apartado VI.- Corrección por ruído de fondo.

1.- Se durante a medición de calquera dos niveis de ruído a que se refiren os cinco apartados anteriores deste anexo se observa a existencia de ruído alleo á fonte sonora obxecto da medición e se considera que dito ruído pode afectar ó resultado da mesma, efectuarase unha corrección por ruído de fondo, tal como se indica nos puntos que se desenvolven seguidamente.

2.- Localizarase a orixe do ruído alleo á fonte sonora obxecto de medición e anularase mentres dure a mesma.

3.- Se non é posible dita anulación, realizarase unha corrección do nivel total medido (N1), de acordo coas instruccións dadas a continuación.

3.1.- Medirase o nivel acústico do conxunto formado pola fonte sonora máis o ruído de fondo. Dito valor designarase N1.

3.2.- Pararase a fonte sonora e medirase (nas mesmas condicións) o nivel producido polo ruído de fondo. O seu valor designarase N2.

3.3.- Establecerase a diferencia (m) entre os dous niveis medidos:
m=N1-N2.

3.4.- En función do valor (m) obterase a corrección (C), que deberá aplicarse ó nivel N1. O valor da dita corrección figura no cadro seguinte:

CORRECCIÓN POR RUÍDO DE FONDO

Valor da diferencia de nivel (m)					
0/3,5	3,5/4,5	4,5/6	6/8	8/10	máis de 10
-					2,5

3.5.- En caso de que o valor (m) estea entre 0 e 3,5, rexeitarase a medición, realizándose unha nova noutro momento en que o ruído de fondo sexa menor.

3.6.- Nos casos que o valor (m) sexa superior a 3,5, determinarase o valor da corrección correspondente (C) e restarase do valor (N1), obtendo así o valor final representativo do nivel sonoro da fonte obxecto da medición (N); é dicir:

N=N1-C

Apartado VII.- Corrección de tons audibles.

1.- Se durante a medición de calquera dos niveis de ruído a que se refiren os apartados I a V deste anexo se observa a existencia de tons audibles, aplicarase a penalización correspondente en función da pureza dos ditos tons.

2.- A determinación da existencia de tons audibles realizarase baseándose no procedemento que se desenvolve nos puntos seguintes:

2.1.- Medición do espectro do ruído en bandas de tercio de oitava entre as frecuencias comprendidas entre 20 e 8.000 Hz.

2.2.- Determinación daquela(s) banda(s) na(s) que a presión acústica sexa superior á presión existente nas súas bandas laterais.

2.3.- Determinación das diferencias existentes entre a presión acústica da banda considerada e das bandas laterais, calculando posteriormente a media aritmética das ditas diferencias (Dm).

Considerarase aquela banda en que o valor da penalización correspondente sexa máxima.

3.- Determinación da penalización aplicable.- A penalización aplicabe pola existencia de tons audibles será a que se reflecte no cadro seguinte:

CORRECCIÓNS DE TONS AUDIBLES

Zona considerada de espectro.	Dm. igual ou maior a 5 dB	Dm. igual ou maior a 8 dB	Dm. igual maior a 15 dB
20 a 125 Hz	1dB (A)	3dB (A)	5dB (A)
160 a 400 Hz	3dB (A)	5dB (A)	5dB (A)
500 a 8000 Hz	5dB (A)	5dB (A)	5dB (A)

Apartado VIII.- Corrección por porcentaxe de ruído.

Na medición de calquera dos niveis de ruído a que se refiren os apartados I ó V deste anexo, aplicarase a correspondente penalización-despenalización cando a duración do citado ruído, respecto a un tempo de observación suficientemente significativo, estea por exceso ou por defecto en situacións extremas.

Para estes efectos, considérase un tempo de observación de 14 horas, se o ruído é diurno, e de 10 horas, se o ruído é nocturno.

Os valores destes coeficientes de corrección fíxanse na táboa seguinte:

CORRECCIÓN POR PORCENTAXE DE RUÍDO

	DURACIÓN DO RUÍDO				
	0/5	5/10	10/90	90/95	95/100
PENALIZACIÓN				3dB(A)	5dB(A)
DESPENALIZACIÓN	5 dB(A)	3dB(A)			